

BLOQUE IV: FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

FREDERICH NIETZSCHE (1844-1900)

TÓPICO DA CIUG: NIETZSCHE: NIHILISMO, VITALISMO E TRANSVALORACIÓN

1.1- CONTEXTO HISTÓRICO. NIETZSCHE E O VITALISMO

A finais do século XIX **négase a primacía da razón** tanto na natureza como na ética e deféndese o **irracionalismo** e a **primacía do concepto de vida (vitalismo)** como realidade radical do ser humano contra a antiga primacía da razón.

Xorden así:

- As correntes vitalistas (Nietzsche, Bergson, Unamuno),
- As historicistas (W. Dilthey e Ortega y Gasset),
- As existencialistas (Kierkegard, Heidegger, Sartre) etc.

Nietzsche sitúase dentro da **corrente vitalista**. A filosofía de Nietzsche tamén se pode considerar “**irracionalista**”, pois o principio que domina toda a súa filosofía é a afirmación da “**vida**” como algo **oposto ao concepto de razón**.

Para Nietzsche “**O racional**” representaba a orde, a medida, a prudencia (Nietzsche identifica co deus grego **Apolo**), mentres que “**o vital**” representa o desenfreo, o impulso, o irracional (identifica co deus grego **Dionisos**: deus da orxía e do viño)

Así, Nietzsche **criticará toda a filosofía tradicional dende Sócrates ata Kant (inclúe a todos os filósofos sexan racionalistas ou empiristas)** porque **deu prioridade ao racional apolíneo** para comprender a realidade, pero esta filosofía racionalista **é incapaz de comprender a esencia propiamente humana: a vida dionisiaca**. Por iso, para entender a vida non serve a razón e Nietzsche **propondrá novas formas de captar a vida tales como a “creación artística” (música e poesía especialmente)**. Como filósofo **só acepta a Heráclito** tanto pola súa afirmación filosófica do cambio “**todo cambia**” (panta rei), coma pola súa maneira de escribir achegada á poesía: aforismos (por iso o apodaron “O escuro”).

A filosofía de Nietzsche consiste nunha “**Axioloxía**” (teoría dos valores: método de desenmascaramento psicolóxico). Como dixo o francés Paul Ricoeur houbo tres filósofos “**mestres da sospeita**”: Nietzsche, Marx e Freud porque todos eles tratan de desenmascarar os valores que se atopan agochados detrás das afirmacións “supostamente neutrais” dos filósofos tradicionais racionalistas. Trátase de descubrir cales son os valores tradicionais que subrepticamente defendeu a filosofía que rematan nun “**nihilismo**” (afirmación da nada) e “**darlle a volta a estes valores**”: “**transvaloración**” de todos os valores da civilización occidental (a metafísica, a relixión e a moral) e **instaurar novos valores**: a filosofía de Nietzsche (**Superhome, vontade de poder e eterno retorno**).

Ao apartarse da razón e defender os impulsos vitais, Nietzsche **apartarase do discurso conceptual clásico**, construíndo os seus textos de maneira **asistemática, metafórica**, con **aforismos** (sentencias breves achegadas ao modo de expresión poético).

A peculiaridade do seu estilo e as vicisitudes da publicación da súa obra póstuma, "A vontade de poder" e do seu "epistolario" provocaron as mais diversas interpretacións de Nietzsche:

A) interpretouse como representante do **irracionalismo y do utilitarismo**

B), tense visto en Nietzsche o **antipositivista** que vota por terra a confianza na ciencia,

C) tamén comprendeu como **materialista** convencido,

D) cualificouse como primeiro auténtico **existencialista**;

E) veuse nel un **antidemócrata e antisocialista** que deprecia ao pobo e á plebe.

F) Existe, ademais, unha corrente interpretativa errónea que o considerou **profeta do nazismo**, da violencia militarista e da superioridade da raza aria. Nesta interpretación xogou un papel importante a **súa irmá Elisabeth**, que quixo converter a Nietzsche en **guía espiritual do panxermanismo**.

G) Pero co paso do tempo deixou de ser considerado como ideólogo do pre-nazismo, e **converteuse en símbolo do filósofo contestatario durante a revolución estudantil do maio do 68 francés**.

1.2.- VIDA

Naceu en 1844, en Röcken (Turinxia, non lonxe de Leipzig, Alemaña). Era **descendente de pastores protestantes**; a penas chegou a coñecer ao seu pai e a súa infancia transcorreu **entre mulleres** (nai, irmá, aboa e dúas tías) nun **ambiente relixioso**; hai quen afirma que precisamente este rixidez relixiosa da súa infancia **fará do Nietzsche maduro un ateo radical**.

a) Infancia e xuventude: Aos 14 anos ingresa na prestixiosa **Escola de Pforta** (Turinxia) onde recibe unha **sólida formación humanista e luterana (linguas clásicas e rigor na crenza)**. En 1864 **estuda teoloxía** (por compracer á súa nai) e **filoloxía** (por consello dos seus profesores de Pforta) en Bonn e en 1865 trasládase a Leipzig seguindo ao seu profesor de filoloxía clásica Ritschl; alí **orientase cada vez mais cara a filosofía**: descubre a filosofía da vontade (irracionalista e pesimista) de Arthur Schopenhauer, o seu primeiro guía espiritual, que lle conduce ao pesimismo vital e ao ateísmo, anque mais tarde o criticará. Interesase **tamén por Kant**: a idea de crítica e o seu rexeitamento da metafísica influirán nel. Ao final da súa estancia en Leipzig (1868), Nietzsche, moi bo intérprete ao piano, entaboa amizade co compositor Richard Wagner (o seu segundo guía espiritual), quen comparte a súa admiración pola filosofía de Schopenhauer.

b) Os dez anos de Basilea: Gracias a Ritschl, a **facultade de Leipzig outórgalle o doutorado baseándose nos seus traballos previos, ¡sen exame!**. Así, aos vinte e catro anos (1869) é nomeado **catedrático extraordinario de filoloxía da Universidade de Basilea (Suíza)**, anque **o que lle interesa é xa a filosofía**. En Basilea coñece a **Peter Gast** (músico sen xenio), quen se converte en discípulo entusiasta e **fiel servidor de Nietzsche**. Gast colaborará coa irmá de Nietzsche (**Elisabeth**) na **controvertida, por manipulada, edición dos escritos póstumos**. Afianza a súa **amizade con Wagner**, quen estimulou a Nietzsche como posible sostén filosófico da súa música. **Enxalza as figuras de Wagner e Schopenhauer**. Posteriormente romperá con Schopenhauer pola súa metafísica pesimista e a súa amizade e admiración por Wagner vaise arrefriando e rompe definitivamente con el en 1877: vótalle en cara que o "ateo immoralista" tivera creado a figura de Sigfrido (ópera "Parsifal" de Wagner) que se arrastra ante a cruz cristiá.

c) **Dez años de filósofo errante:** Nesta nova etapa da súa filosofía **substitúe a arte como valor supremo polo coñecemento, a “ilustración”**. En 1879 **abandona a universidade (con 34 anos) por enfermidade:** miopía precoz, xaquecas, vómitos, horribles dores de cabeza. Segue unha **existencia solitaria e errante en busca de sol e aire puro: vales alpinos, Tirol, a Engandina, Italia, etc.** En Sils-María (aldea da Engandina) **descubre a idea de “eterno retorno” (verán do 81)** e ao inverno seguinte (en Xénova) **completa esta idea coa figura de Zaratustra. En Roma (1882) coñece a Lou von Salomé, xudía rusa tan intelixente como bela, da que permanecerá namorado a pesares de que rexeita a súa petición de matrimonio;** Salomé inspíralle un novo desexo de vivir. **A súa irmá Elisabeth, temerosa de perdelo, competía con Salomé, pero rematou distanciándose de Nietzsche e casándose con Bernhard Förster** (sinistro aventureiro que fará fortuna con unha plantación en Paraguai), **a quen Nietzsche odiará polo seu antisemitismo.** Despois de esta separación, con un espazo vital arrodeado de unha **tremenda soidade**, escribe a súa obra mais importante: „**Así falou Zaratustra**”.

Continúa a súa **existencia errante por Italia e Suíza**. A súa obra sofre un **novo xiro:** comeza a **trasvaloración de todos os valores** (fase destrutiva da súa filosofía) deixando atrás a Platón e ao cristianismo. Brotan as súas forzas mais salvaxes, entra nun período de febril actividade, descubre a Dostoievski que lle impresiona pola súa penetración psicolóxica e redacta os seus últimos escritos, nos que retorna ás súas antigas obsesións pero con maior vehemencia que nunca: Wagner, a metafísica, a moral, o cristianismo.

d) **Os anos de afundimento na loucura:** a finais de 1888, en Turín **vólvese tolo**. O seu amigo de Basilea **Overbeck ingresa nunha clínica psiquiátrica de Basilea** (sofre parálise progresiva), **logo é trasladado a Jena e finalmente a Naumburg**, primeiro baixo os coidados da súa nai e logo da súa irmá. En agosto de **1900 unha apoplexía acabou coa súa vida en Weimar**.

1.3.- PERÍODOS DA SÚA OBRA

Adoitase distinguir catro períodos do seu pensamento, que se denominan con expresións empregadas polo propio Nietzsche, segundo os catro momentos do día:

(a) Período romántico: ou “filosofía da noite”.

Corresponde ao período de Basilea. Nesta época valora positivamente aos presocráticos, fundamentalmente Heráclito, e inspírase na filosofía de Schopenhauer e na música de Wagner. A obra mais importante deste período é „**O nacemento da traxedia grega no espírito da música**“ (1871), inspirándose en Schopenhauer e dedicada a Wagner, en cuxas óperas ve a continuación da traxedia grega. Deste mesmo período son as catro **"Consideracións intempestivas" 1873-76** e estudos de filosofía grega: cursos sobre filósofos pre-socráticos a quen Nietzsche chama "Filósofos tráxicos", antigos xigantes que morren a causa da “dialéctica” (primacía da razón) de Sócrates. Por tanto a "trinidad" do xove Nietzsche son Grecia, Schopenhauer e Wagner.

(b) **Período positivista (científico) ou ilustrado: “filosofía da mañá”.** Coincide cos primeiros anos de filósofo errante, rompe con Wagner, abandona a filosofía de Schopenhauer e interésase por Voltaire e os ilustrados franceses. Adopta unha máscara "positivista" ou "científica" ilustrada para condenar a metafísica (platónica), a relixión etc.

A obra que inicia a ruptura co período anterior é **"Humano, demasiado humano"**

1878; escrita xa en aforismos. Nela trata de demostrar que o coñecemento humano pode ser explicado sen recorrer a supostos relixiosos ou metafísicos. O libro está **dedicado a Voltaire**; a postura que adopta Nietzsche nesta obra é a **“lucidez científica”**. Pero por “ciencia” entende Nietzsche, no a ciencia mecanicista e positivista ao uso, senón un método psicolóxico de “desenmascaramento”, unha filosofía da sospeita.

"Aurora. Reflexións sobre os prexuízos morais" 1881 trae xa un cambio: a desilusión que supuxo arrebatarse ao divino o humano convértese nunha nova "aurora": unha **nova imaxe do home** que concibe o sobrehumano (Deus) como unha proxección que o home fixo da súa propia esencia, anque está esquecida, oculta.

Esta tendencia acrecéntase na obra **"A gaia ciencia" 1882 (SELECTIVIDADE)**, esta ciencia da que Nietzsche fala **non é xa a “fría”, “pesada”, “solemne” e “seria ciencia” do rigor dos conceptos, senón unha ciencia “alegre”, “risoña”, “contenta” unha “gaia ciencia” (gaia=alegre)**. Expresa un mundo xa non encantado por néboas místicas e nubes metafísicas do período anterior; este período é unha "apertura de todas as portas", unha claridade, un amencer, unha "filosofía da mañá" que espalla luz sobre as tebras da noite (esta “noite” e a filosofía de da noite do período romántico anterior).

Estas dúas últimas obras están xa en camiño cara a obra "Así falou Zaratustra. Nelas déixanse oír xa as ideas fundamentais de Nietzsche: **morte de Deus, vontade de poder, eterno retorno, superhome aínda disimuladas**. Sobre a filosofía da mañá vai caendo xa a luz do mediodía.

c) Período da mensaxe de Zaratustra: “filosofía do mediodía”.

Coincide coa segunda parte do período de filósofo errante, logo de que Salomé rexeitase a súa petición de matrimonio. Agora o seu pensamento alcanza a súa máxima altura, “o mediodía”. É o período fundamental da súa filosofía, xa que desenvolve as súas ideas mais orixinais na súa obra cume: **„Así falou Zaratustra. Un libro para todos e para ninguén“ (1883-85)**, nela trata de pensar a súa filosofía poeticamente: o “concepto” é substituído pola “imaxe”. A obra consiste nunha serie de discursos simbólicos unidos por una fábula: **a historia de Zaratustra (figura persa, creador da moral), quen aos seus 30 anos (idade na que a súa contra-figura, Xesucristo, expón a súa mensaxe) retírase á montaña e logo descende para anunciar a chegada do superhome e o “eterno retorno” baixo o trasfondo da morte de Deus e a destrución dos valores morais**. A obra divídese nun prólogo e catro partes: o prólogo presenta a antítese entre o "último home" e o superhome. A primeira parte desenvolve o tema do superhome e a "morte de deus". A segunda trata da vontade de poder. A terceira (parte fundamental) expón a idea do “eterno retorno”. A cuarta céntrase sobre os "homes superiores", non engade nada novo.

d) Período crítico da cultura occidental: “filosofía do atardecer” (período importante para Selectividade)

Despois de "Así falou Zaratustra" Nietzsche di que as súas obras cambiaron de signo: **despois de ter “construído” no período anterior (“un dicir si”) dedícase a “destruír” (“dicir non”)**. Proponse a **"trasvaloración de todos os valores"** da cultura, ataca directa e ferozmente as pilastras da cultura occidental: filosofía, moral e relixión cristiá. Tamén a denomina **„filosofía do martelo“** pola súa agresividade. Nietzsche

adopta agora a figura do filósofo "a marteladas" que maldí ao último home (que precede ao superhome). A destrución da cultura occidental coñécese como „a morte de deus“ a partir da que se afirma a vida como “vontade de poder” e “eterno retorno”. Continúa aplicando o método de desenmascaramento psicolóxico: descubrir o que se oculta tras os valores mais asentados da cultura occidental.

As obras desta etapa son: „*Mais aló do ben e do mal. Preludio de unha filosofía do futuro*“ (1886); nela fai unha crítica á época moderna. "A xenealoxía da moral. Un escrito polémico" (1887), continúa o tema de "Aurora" e estuda como se orixinan os conceptos morais. "O anticristo. Maldición contra o cristianismo" (1888, publicada en 1894). "O crepúsculo dos ídolos ou como se filosofa co martelo" (1889), contén textos importantes, como os titulados "O problema de Sócrates", e "A razón en filosofía" onde critica todo o que se te denominado "verdade" é agora compárao con un "ídolo". "Ecce homo. Como se chega a ser o que se é" 1888 (publicada 1908), é unha autobiografía filosófica. "Vontade de poder. Ensaio de unha transmutación de todos os valores" (1901, aumentada en 1906, obra póstuma polémica, manipulada pola súa irmá e Peter Gast), nela aparece a idea de "nihilismo" ademais dos catro temas de "Así falou Zaratustra".

2.- FILOSOFÍA DESTRUTIVA: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL (METAFÍSICA, MORAL E RELIXIÓN)

2.1.- Crítica da concepción do home occidental: o apolíneo (razón) e o dionisiaco (vida)

No seu período romántico de Leipzig, Nietzsche lee "O mundo como vontade e representación" de Schopenhauer e queda fascinado. Schopenhauer defendía que a razón non é mais que un instrumento para resolver as funcións biolóxicas do home; **o intelecto está ao servizo da vontade**, sendo esta un mero impulso, esforzo infinito, devir eterno, "vontade de vivir". **A vida, segundo Schopenhauer ("vontade de vivir") é irracional**, cruel e cega (sen finalidade), dor e destrución: de aí o **pesimismo metafísico de Schopenhauer**. Para **liberarnos da escravitude da vontade propón Schopenhauer a arte como contemplación desinteresada**. Nietzsche seguiu na súa xuventude os pasos da filosofía de Schopenhauer, pero **posteriormente abandonarao e o seu vitalismo non será pesimista como o do seu mestre**.

Tamén o compositor **Richard Wagner**, nun principio amigo de Nietzsche, compartía con este a súa **admiración por Schopenhauer**. Así **baixo a influencia da filosofía irracionalista de Schopenhauer e para apoiar teoricamente a música de Wagner escribirá Nietzsche "A orixe da traxedia grega no espírito da música"**. Nesta obra Nietzsche pretende establecer unha **nova concepción do home (Antropoloxía)** para renovar a cultura occidental de forma acorde coa música de Wagner e a filosofía de Schopenhauer: **este novo home é "o home trágico"** que afirma a vida en toda a súa dimensión, **fronte ao decadente "home teórico"**, actual herdeiro de Sócrates. Para iso, Nietzsche, utilizando as súas dotes de filólogo, remóntase á cultura grega para estudar como a orixe da traxedia grega foi o espírito da música

Nesta obra a intención de Nietzsche consiste en **defender a vida, entendida como unha loita entre instintos (elemento dionisiaco) e a razón (elemento apolíneo)**. Con isto **oponse á interpretación tradicional da cultura grega** por parte do romanticismo alemán que a entendera o home fundamentalmente como algo só racional (animal racional). Nesta nova interpretación Nietzsche **contrapón os deuses gregos Apolo (símbolo do día, luz, medida, fenómeno, sobriedade, alegría, palabra, razón) e Dionisos (símbolo da noite, escuridade, desmesura, cousa en si, embriaguez orxiástica, dor cósmica, música-danza, instintos: vida), e considera a “creación artística” como único modo de penetrar a realidade vital**. A tese da obra consiste en que a traxedia grega do período arcaico (s.VII-V a C.) tiña sido fundamentalmente só coro (música) que é o elemento dionisiaco. Segundo Nietzsche, na posterior traxedia do período clásico (ático, s. V-IV a C) aparece xunto ao coro (elemento dionisiaco) tamén a escena (actores: elemento apolíneo) e ambos elementos aparecen agora en loita (apolíneo-dionisiaco) de tal forma que o espírito grego acepta a vida en toda a súa crueza, na súa traxedia. **O apolíneo e o dionisiaco representan unha loita eterna entre a consideración teórica do mundo (razón) e a consideración trágica do mundo (vida, instintos) e reclama a filosofía de Heráclito: loita de contrarios**. Nietzsche cre que a arte clásica xurdiu como conxugación de ambos elementos: o dionisiaco e o apolíneo.

A **CONCLUSIÓN** que extrae Nietzsche é que **a traxedia grega desvirtúase** xa con Eurípides, quen **quitou importancia ao coro facendo desaparecer o elemento dionisiaco da traxedia**, e esta **contaminase definitivamente dende o momento en que Sócrates concede toda a importancia á razón (escena)**.

Este ataque contra Sócrates na obra "O nacemento da traxedia" **agudízase en “O problema de Sócrates (capítulo da obra “Crepúsculo dos ídolos”)**. Aquí Nietzsche fai un **retrato denigrante de Sócrates**, pois abriu un período de decadencia que continúa ata os nosos días. **O ateniense utiliza a dialéctica (razón) como arma propia dos plebeos, fixo da razón un tirano**. A ecuación socrática: **virtude=felicidade (intelectualismo moral)**, parécelle a Nietzsche a **fórmula da decadencia** que fai descender o impulso vital afogado pola razón, e **Nietzsche substitúe esta por outra ecuación: virtude=instinto**, isto é o que fai que a vida ascenda. **Coa louca presunción de Sócrates de dominar a vida mediante a razón moralizante (Sócrates foi descubridor da definición racional dos conceptos morais: intelectualismo moral, fronte ao relativismo dos sofistas) aparece a verdadeira decadencia da cultura occidental**.

Posteriormente, en "Así falou Zaratustra", Nietzsche substituirá a Dionisos por **Zaratustra**, porque Dionisos identificábase demasiado co pesimismo de Schopenhauer e Nietzsche quere agora afirmar a vida (optimismo). Sen embargo, **no fondo Zaratustra representa o mesmo que Dionisos, é dicir, Zaratustra é Dionisos desprovisto da metafísica pesimista de Schopenhauer**.

En obras posteriores, cando vai madurando o seu pensamento **afástase de Schopenhauer e Wagner**. Acusa a Schopenhauer de defender un pesimismo romántico. E, en canto a Wagner, **adula toda a cristiandade**.

2.2.- Crítica da metafísica tradicional

Sobre todo en "O crepúsculo dos ídolos" Nietzsche realiza unha dobre crítica con respecto á metafísica tradicional en estreita conexión coa crítica á moral. Por un lado, criticará a visión tradicional da realidade (dualismo ontolóxico) y, por outra parte, a pretensión de alcanzar un coñecemento racional, firme e seguro sobre o real (gnoseoloxía).

2.2.1.- Crítica da Metafísica no seu aspecto ontolóxico (como concepción da realidade)

Despois de criticar ao inventor da "dialéctica" (razón) no capítulo "O problema de Sócrates", dentro da súa obra o "Crepúsculo dos ídolos" Nietzsche critica a metafísica tradicional (que denomina "platonismo") no capítulo "A razón en filosofía". A metafísica concibiu a realidade de modo **dualista** (Platón mundo sensible e mundo das ideas; Cristianismo: mundo terreal e mundo supratereal, Descartes, Kant: supervaloran a razón e minusvaloran a experiencia). **En esta concepción ontolóxica sempre se minusvalorou o mundo sensible, o mundo do cambio e o devir (Heráclito), o dos fenómenos ou aparencias (como fixeron Platón, Descartes, Kant) e considerouse ao mundo do ser permanente (Parménides, Platón), o mundo da razón, do estático e científico como o mundo verdadeiramente real.**

Así pois, a **ontoloxía tradicional é „estática“** porque considera **o ser como algo fixo** e inmutable. Pero o mundo é dinámico e irracional: un constante fluír (devir) e loita de contrarios. Nietzsche cre que no hai un "mundo aparente" e outro "verdadeiro", non dous mundos (Dualismo) senón un único mundo en devir constante: este é o mundo da vida, dos sentidos, o mundo dionisiaco. Nietzsche asume, pois, o principio heraclíteo do devir.

En relación con esta idea de afirmación do **devir e a loita de contrarios** en Heráclito, Nietzsche acepta tamén de **Hegel** o principio de que a contradición é o motor do mundo (tese, antítese, síntese), pero ao mesmo tempo nega, contra Hegel, que a realidade sexa racional: nada sucede no mundo que responda ás esixencias da nosa lóxica (logos=razón).

En conclusión: **Nietzsche nega a metafísica, a filosofía do ser**, o permanente das cousas, pois o mundo é constante fluír. O concepto de ser é unha "**ficción baleira**"; **nega, por tanto, todas as categorías ontolóxicas**: substancia, accidentes, alma, causalidade, etc.; estas nocións son froito da linguaxe (nominalismo).

¿Que se agocha trala concepción dualista? Utilizando o seu método de desmascaramento psicolóxico (Axioloxía), a súa "**filosofía da sospeita**", Nietzsche descubre unha **conexión subterránea entre a ontoloxía dualista e a moral**: o dualismo ontolóxico, presuntamente neutral presentado como unha verdade obxectiva, desinteresada, é no fondo interesada, resultado de unha **valoración moral** (o plano ontolóxico ten a súa base nun **plano axiolóxico=valoración moral**). Así, esta separación entre "ser real" e "ser

aparente" non é "neutral" ou "desinteresada", senón que é xa un **xuízo valorativo** (moral) sobre a vida, un xuízo que valora negativamente porque dá mais importancia ao mundo das ideas dicindo que é "real", que ao mundo dos sentidos sostendo que é irreal, aparente. Esta valoración é absolutamente falsa, e o que fai é negar a vida, o mundo do

devir, do fluír, dos instintos, que é o único que existe, o único verdadeiro. Vemos aquí que para Nietzsche a ontoloxía está enraizada no **problema dos valores (axioloxía)**; isto quere dicir que ao dividir a realidade en dous mundos e considerar, é dicir, valorar un positivamente como bo e o outro negativamente ou malo, a nosa concepción da realidade é xa na súa **raíz, moral**: por iso a ontoloxía do "platonismo" apoíase nunha moral contranatural que minusvalora os sentidos, o mesmo que o cristianismo ten unha concepción pexorativa do corpo.

¿Cal é a orixe última, oculta (a xénese, a xenealoxía) desta valoración dualista do mundo? ¿De onde provén esta mentira milenaria que se presenta como verdade? Pois de algo tipicamente humano que tamén afecta aos filósofos: a ontoloxía tradicional que valora positivamente o mundo das ideas, do ser, do permanente, da razón, ten a súa orixe última, segundo Nietzsche, nos prexuízos ou **medos dos filósofos** contra algunhas manifestacións vitais: o horror á **morte**, á **vellez**, ao **cambio**, etc. ("Crepúsculo dos ídolos").

2.2.2.- Crítica da Metafísica no seu aspecto gnoseolóxico (como concepción do coñecemento)

Vimos que Nietzsche criticou a concepción clásica da realidade (dualismo ontolóxico); por tanto, "loxicamente", se a realidade non é estable e permanente (o ser), senón cambiante (devir), tampouco o antigo modo de coñecer a realidade (gnoseoloxía) servirá para coñecer. E isto sácao á luz de novo co seu método de desenmascaramento psicolóxico (filosofía de la sospeita) buscando a orixe fraudulenta do modo de coñecer racional, conceptual. Este método de desenmascaramento (xenealoxía) consiste en buscar cal é a xénese ou orixe oculta, esquecida, do noso modo de coñecer a realidade.

A) Crítica dos conceptos

Ata agora para coñecer a realidade utilizouse soamente a razón. Para coñecer a realidade a nosa razón utiliza conceptos (por exemplo, os conceptos puros ou categorías de Kant). Nietzsche afirma que na súa orixe as palabras foron ideadas para referirse a unha vivencia única e orixinal, e co tempo toda palabra converteuse en concepto universal deixando de servir para o obxecto único que se pretendía designar. Despois preténdese que o concepto sirva para expresar e significar unha multiplicidade de cousas, ou realidades individuais que, rigorosamente falando, di Nietzsche, „nunca son idénticas“. En "*Sobre verdade e mentira en sentido extramoral*, 24, Nietzsche pon o exemplo de como a palabra „folla“, que na súa orixe foi unha **metáfora** (o contrario de "concepto") que se utilizou para designar un obxecto único, convértese co tempo en **concepto universal** válido para todas as follas como se na natureza houbera una especie de "forma orixinal" (esencia) de todas as follas, que servira de "arquetipo" ou "modelo exemplar" primixenio a todas (relación con Platón).

Os conceptos son pois „metáforas xa esquecidas“ *"as verdades son ilusións das que se esqueceu que o son; metáforas que se tornaron gastadas e sen forza sensible, moedas que perderon o seu troquelado e non son agora xa consideradas como moedas, senón como metal"* (*Sobre verdade e mentira en sentido extramoral*, 25)

Vemos de novo a unión entre coñecemento e moral: os conceptos do coñecemento son metáforas que "**valoramos positivamente**" ou cremos verdadeiras debido a que xa nos esquecemos de cal foi a súa orixe, o mesmo ocorre cos conceptos da ontoloxía.

Esta crítica dos conceptos supón varias consecuencias na teoría do coñecemento.

a) Novo concepto de verdade ou concepto pragmático da verdade: Anque o coñecemento usa os conceptos como eixes de coordenadas da realidade (ou como

unha especie de rede para “pescala”), non atrapa a verdadeira realidade, que é devir e cambio. Así pois a tradición metafísica occidental equivocouse ao explicar que o intelecto se adecúa á realidade (verdade como adecuación: Aristóteles, Tomé, etc.), pois para Nietzsche o concepto é un „recorte arbitrario“ da realidade, algo que nós temos construído para "sobrevivir" pero que non „se corresponde“ coa realidade. ¿que é entón a “verdade” para Nietzsche? **Algo é verdadeiro cando ten valor pragmático:** é verdade o que aumenta o poder vital, o que serve ou é útil á vida, e "mentira" será o contrario (“en sentido extramoral” como di na súa obra).

b) Novo modo de entender a teoría do coñecemento: perspectivismo e fenomenismo:

como os conceptos son "recortes arbitrarios" que non se corresponden coa realidade en devir, os humanos só coñecemos "perspectivas" ou "interpretacións" distintas das cousas. Estas perspectivas son infinitas: *"o mundo tornouse por segunda vez infinito para nós: na medida en que non podemos refutar a posibilidade de que encerra en si infinitas interpretacións (A gaia ciencia 374)*. Por tanto, para nosoutros os humanos non existe a "cousa en si" de Kant, senón só os fenómenos= perspectivas (A Gaia ciencia 354).

c) Esta teoría do coñecemento implica un relativismo radical respecto da verdade:

non existe "A Verdade" con maiúsculas, como ten afirmado dogmáticamente a filosofía occidental, senón que a verdade é relativa a cada individuo: é verdade aquilo que é útil para cada vida: pragmatismo. Se algo fai que a miña vida se afirme será verdadeiro (en sentido extramoral) e se fai que a miña vida diminúa será mentira.

B) Crítica das ciencias

Nietzsche critica tamén a ciencia por ser unha matematización do real. Esta matematización non nos axuda a coñecer o devir perpetuo que é a vida, senón que só se limita a establecer unha relación cuantitativa coas cousas. En „A gaia ciencia 373“ Nietzsche fala **dos científicos mecanicistas e dos positivistas de forma despectiva** e di que **a metodoloxía científica destes baséase no número, na cantidade**. Esta determinación puramente cuantitativa das cousas tende a anular as diferencias que realmente existen entre elas, xa que o modelo matemático baséase na cantidade e non na calidade propia de cada cousa, e tende á igualación de todas elas.

Querer reducir todas as calidades a cantidades é un error. Supoñamos, di Nietzsche, que alguén queira apreciar o valor de unha peza musical segundo o que de ela puidera ser pesado, calculado, contado, etc., semellante apreciación científica da música resultaría enteiramente absurda (A gaia ciencia, 373). **E como as ciencias utilizan as matemáticas tampouco estas nos dan a coñecer a realidade**, falsifícanas. O que Nietzsche ataca non é a ciencia en xeral, senón unha metodoloxía determinada: o mecanicismo e positivismo da súa época. Pero defende a súa propia concepción da ciencia “alegre” (Gaia ciencia), que non é matemática, non reduce as cualidades a cantidades, non utiliza “conceptos”, senón “metáforas” e que consiste en desenmascarar os intereses ocultos nas valoracións (axioloxía) humanas (desenmascaramento psicolóxico).

2.3.- Crítica da moral e relixión cristiá occidental

1.- Introducción: Especialmente en "Xenealoxía da moral" Nietzsche **distingue a moral de señores e a moral de escravos**. Aquí critica toda a moral occidental,

considerando que a raíz desta comeza a proliferar con Sócrates e Platón. Eles instauran unha moral "contranatural" baseada na razón e eliminando a parte vital instintiva, que para Nietzsche é a esencia da vida humana.

2.- ¿En que consiste esa moral contra-natural?

a) **Os Sofistas** defenderon o relativismo moral e consideraban así que a moral do seu tempo era contranatural porque ía en contra do que eles consideraban natureza humana: observando o animal e o neno crían que só hai dúas normas morais naturais: o dominio do mais forte (como ocorre entre os animais) e a busca do pracer (como ocorre no caso do neno). Por iso consideraban que a moral era resultado **de unha convención (nomos)**, sendo pois relativa e incluso contraria á natureza (Physis).

b) **Sócrates** opúxose radicalmente ao relativismo moral dos Sofistas e foi partidario dun intelectualismo moral: a natureza humana é racional, por tanto as normas morais deben estar de acordo coa natureza racional do home: só sabendo (intelecto) que é o ben se pode obrar ben. Isto quere dicir que identifica a virtude (moral) co saber (intelectual). Por tanto, a moral para Sócrates consiste na ecuación saber=virtude=felicidade. Sócrates tratou de definir os conceptos morais rigorosamente para facer fronte ao relativismo dos sofistas.

c) **O seu discípulo, Platón**, continuou esta labor, estendendo a "definición" a todos os conceptos chegando así á súa teoría das ideas, que culmina coa **idea de ben** (un concepto moral!).

d) **Nietzsche**, de acordo cos sofistas e opoñéndose a Sócrates, **cre que toda a moral occidental é "contranatural" e chámalle "platonismo"**, pois nega as paixóns ou instintos vitais (concepción pexorativa do corpo) e afirma o control absoluto por parte da razón. Este mundo das ideas platónico servirá logo de "mais alá" relixioso para o cristianismo e acaba converténdose nunha orde moral externa (mandamentos da lei de Deus) que dirixe aos homes. O cristianismo é unha "castración" dos instintos "se o teu ollo te molesta, arráncalo" (di a Biblia). A isto chámalle Nietzsche "complot do cristianismo": "a vida acaba onde comeza o reino de Deus" (Crepúsculo dos ídolos", 309).

2.-¿Como se orixinou esta moral de escravos que nega a vida? Cal é a orixe (xenealoxía) de este tipo de moral?

a) **A moral dos señores**: é a moral aristocrática (dos aristoi=os mellores), unha moral de valores guerreiros que reinaba na Grecia presocrática e caracterízase pola seguinte táboa de valores: O señor é forte e poderoso, sabe dominar e dominarse, é duro para si e para os demais; deprecia a debilidade, a covardía, o medo, a adulación, a humildade e, especialmente, a mentira; tampouco estima a piedade; en cambio admira a forza, a astucia e a audacia. E, sobre todo, é "**optimista e activo**", ama a vida, esta vida, a única vida que hai: non hai un "mais alá", senón só esta vida.

b) **A moral dos escravos**: é a que domina no mundo cristián, é unha moral de valores dos débiles, da piedade, da compaixón, da dozura, da paciencia, da castidade, da benevolencia, do pacifismo e, especialmente do **pesimismo e a pasividade** ante esta vida, e que procura refuxiarse nun "más alá".

c) **Triunfo da moral dos escravos**: Non sempre a moral de escravos ten dominado; nos gregos do período arcaico, anteriores a Sócrates (ao que Nietzsche acusa de ter iniciado a moral de escravos en Grecia), rexía unha moral de señores, tal como pode verse nas

obras de Homero. E igualmente ocorreu entre os antigos persas, ata que apareceu a sinistra figura de Zaratustra (predicador de unha moral de escravos). Pero a causa principal do imperio actual da moral de escravos está no xudaísmo e no seu herdeiro, o cristianismo.

Na "*Xenealoxía da moral*" Nietzsche di que a **moral de señores** bifurcouse nunha moral de guerreiros e unha moral de sacerdotes. O guerreiro tiña as virtudes do **corpo**, o sacerdote inventa o "**espírito**". Da rivalidade entre os guerreiros e os sacerdotes orixinouse o paso á moral de escravos. Os sacerdotes son os señores desposuídos que mobilizan a todos os débiles contra os fortes (guerreiros). Os sacerdotes son "os máximos odiadores da historia universal". Esta casta de sacerdotes son, para Nietzsche, os xudeus; eles son responsables deste movemento indirecto, espiritualizado, de poder; a súa esencia é o **rancor**. Nietzsche non é antisemita, senón que só ve nos xudeus o "pobo sacerdotal" que se revela contra todo o señorial e nobre.

- Cos xudeus comeza a rebelión dos escravos. A Xudea vencida e reprimida por Roma remata por conquistar Roma mediante o cristianismo. O sacerdote cristián non fixo outra cousa máis que continuar a obra do sacerdote xudeu. E o cristianismo impuxo esta "sinistra táboa de valores" á cultura europea.

- **O Renacemento** significa un breve despertar dos valores antigos, pero **a Reforma protestante** (movemento plebeo alemán e inglés) **volveu a apagar este despertar**. Esta "**decadencia**" **culmina cos ideais de liberación que comezan coa Revolución Francesa** e se estenden ata o século XIX, manifestándose, no campo político, **na democracia e o socialismo**: é o **imperio dos mediocres**, que coa igualdade de voto queren equipararse aos homes superiores; é a forma na que o imbécil, o impotente e o escravo conseguiu igualarse ao xenio, ao forte e ao poderoso; **só con Napoleón reaparece o grande home**, o home nobre.

- Conclusións: esta loita entre moral de señores e escravos rematou coa vitoria dos escravos. Os señores foron abolidos, e a moral dos escravos, "do populacho" triunfou. **Para Nietzsche, a base filosófica desta moral de escravos vencedora é PLATONISMO**. O mundo das ideas pasa a ser o mais alá relixioso dos cristiáns (xa en Platón a xerarquía do mundo das ideas culmina coa idea de BEN=MORAL). Esta moral de escravos nega os valores que afirman a vida (mundo sensible) pon o centro de gravidade do home na "outra vida", no "mais alá" (sexo o mundo das ideas platónico, ou sexo o mundo supraterral de Deus). Isto é o que Nietzsche denomina "complot do cristianismo": "*A vida acaba onde comeza o reino de Deus*". Por iso na obra "Anticristo" dirá Nietzsche que a súa filosofía é "platonismo invertido".

- O que Nietzsche **critica aquí son os valores absolutos e transcendentos da moral xudeo-cristiá** (mundo divino) **como algo externo ao home** (mandamentos de Deus). O home é para Nietzsche o que creou os valores e logo esquecéndose de que foi el colócaos nun mais alá como algo externo, transcendente. Cando o home se dea conta de isto, de que ten adorado valores **que negan a vida, dará paso ao superhome que inverterá (transmutará) os antigos valores negadores da vida en valores que afirmen a vida** no mais acá. Por tanto, a moral cristián expresa RESENTIMENTO cara a vida, é síntoma de DECADENCIA da cultura occidental.

- **Nietzsche é IMMORALISTA** porque se opón á moral cristiá, **pero NON É AMORAL**, pois defende unha moral moi distinta, cuxo valor fundamental é a vida. Os

valores de esta moral non son absolutos, senón relativos a cada home de acordo coa súa teoría pragmática da verdade: **defende os valores que son útiles á vida.**

3.- O NIHILISMO E A TRANSMUTACIÓN DE TODOS OS VALORES

Vimos como Nietzsche **destruíu as pilastras da cultura occidental**: a metafísica, a ciencia e a moral-relixión. Estas pilastras están construídas sobre valores erróneos contrarios á vida. Resumamos o dito nos puntos anteriores:

3.1.- O nihilismo

a) **Antropoloxía**: a **concepción apolínea** do “home teórico” que se apoia na “razón” non é o home real, senón que **debe ser substituído polo “home trágico”, pola concepción dionisiaca do home apoiado na vida nos impulsos vitais** (e non na razón). Así que a concepción apolínea veu buscando algo que non existe: a **NADA** (nihil en latín): **nihilismo**.

b) A **metafísica**, tanto na concepción da realidade (Ontoloxía) como no campo do coñecemento (Gnoseoloxía): nega a vida dos sentidos (Platón, Descartes, Kant) e **valora** como “verdadeira realidade” o estático, o mundo das ideas, por un lado, e tamén **valorou** que o coñecemento mediante “conceptos” “adecúase” á realidade, cando realmente os conceptos non son mais que **metáforas**, cuxa orixe esquecida está na falsificación do mundo primixenio do devir, e que o “momifican”. En consecuencia, **a metafísica valorou negativamente a vida** e con isto o que ven afirmando é **A NADA** (nihil, en latín).

A ciencia fai o mesmo ao considerar a realidade como número e cantidade, eliminando as calidades propias de cada cousa e, por tanto, eliminando as súas diferencias; mentres que, en realidade, son todas elas distintas e cambiantes; logo a ciencia **valora negativamente o devir** vital e tamén afirma **A NADA**.

c) **A moral e relixión**, dende Sócrates e Platón e continuando co cristianismo baseouse en **valores de outro mundo** que negan os valores da única vida que temos, a dos sentidos e as aparencias; e como ese outro mundo non existe, logo o que se ven perseguindo é **A NADA**.

Conclusión: Esta afirmación de unha “ilusión” en cada unha de estas pilastras da cultura occidental é o que Nietzsche chamou **NIHILISMO** (palabra que encerra a idea de nada en latín: nihil). Segundo Nietzsche, a civilización occidental apoiase en tres pilastras: a Antropoloxía, a metafísica-ciencia, e a moral-relixión e en todas estas pilastras vense adorando “a nada” fronte á vida, sen darse conta. Por iso Nietzsche cre que na súa época (s. XIX) esta cultura occidental que adora a nada, comeza a quedarse sen soportes sen “pilastras”, estes cáense, desmorónanse. Esta caída de todas as pilastras da cultura occidental pode resumirse, segundo Nietzsche, nunha soa frase: **“Deus morreu”** (A gaia ciencia), frase que, ademais, simboliza o **ateísmo** de Nietzsche.

O **NIHILISMO** non é unha doutrina filosófica, senón un movemento histórico, o

movemento histórico peculiar da cultura occidental. **O nihilismo é o resultado da "morte de Deus" e o derrubamento de todos os valores** (metafísica, ciencia, moral, relixión). Os valores supremos perderán a súa validez (o platonismo, a verdade cuantitativa, a moral de escravos) e a civilización occidental quedarase desorientada, sen valores. Pero para Nietzsche este Nihilismo posúe **dúas caras ou dous sentidos**:

- a) Nihilismo pasivo:** refírese á decadencia propia da cultura occidental. A cultura occidental é un movemento de decadencia que leva dentro o xerme do nihilismo e que en época de Nietzsche comeza a **desmoronarse por si mesma**: a civilización occidental é como un globo de aire que se desincha porque eses valores eran nada: o globo quédase reducido a nada=nihilismo. Así a vontade humana foi **"unha vontade de nada"**, porque a vontade foi dirixida cara o mundo "ilusorio" negando o verdadeiro mundo que é o dos sentidos; logo foise buscando a NADA.
- b) Nihilismo activo:** refírese ao home que, reflexionando, descubre este nihilismo da cultura e contribúe a destruíla. O home contemporáneo, ao **reflexionar acerca deste nihilismo pasivo** e albiscar así o modo de escapar del, **debe adiantarse activamente ao nihilismo pasivo**. ¿Como? ao comprender o nihilismo pasivo como movemento interno propio da cultura occidental, o nihilista activo contribúe a destruíla; é un nihilismo que ao comprender a falsidade de estes valores di **"NON"** a eses valores. E este nihilismo activo do home contemporáneo é, ademais, a condición para que, a continuación de este "dicir non" **o futuro superhome** poida **"dicir SI" á vida**, e inverta, transmute todos os valores.

3.2.- Transmutación de todos os valores

O nihilismo pasa por 1)nihilismo pasivo: un momento de **dúbida, desorientación radical, perda de valores do ser humano**, 2)nihilismo activo: un momento da **reflexión e distanciamento respecto da tradición** (un dicir non) e 3)transmutación de **todos os valores**: terá que chegar un momento futuro de afirmación (dicir si) de **novos valores, ou inversión de todos os valores tradicionais**.

Esta será a filosofía construtiva de Nietzsche. Por tanto, Nietzsche mesmo e a súa época viven no tempo do **"último home"** cuxa función é o nihilismo activo e este último home é o que prepara o camiño para que no futuro apareza o superhome.

- **A morte de Deus:** O nihilismo exprésase mediante a frase **"Deus morreu"**: significa o derrubamento das pilastras da civilización occidental, os VALORES: o mundo suprasensible da metafísica, a estabilidade da verdade científica, e a moral de escravos que afirmaba o mais alá cristián. Por tanto, a morte de Deus é o máis grande dos feitos; é un acontecemento que divide a historia da humanidade: o paso do home ao superhome. A morte de Deus significa unha **inversión ou transmutación de todos os valores**, poñelos ao revés, darlle a volta.

4.- FILOSOFÍA CONSTRUTIVA: SUPERHOME, VONTADE DE PODER E ETERNO RETORNO.

4.1.- O SUPERHOME OU ULTRAHOME

Vimos de ver como o sentido negativo do nihilismo nos conduce a un sentido positivo, activo, que di **non aos vellos valores**, para que a continuación **o superhome "diga si"**,

afirme a vida tal e como é: un mundo cambiante, suxeito aos impulsos, aos instintos e ás paixóns humanas. Para que se produza este cambio é necesario **inverter (darlle a volta) ou transmutar os valores da civilización occidental** (Substituír: moral de escravos por moral de señores, mundo das ideas da metafísica por mundo dos sentidos, conceptos por metáforas, "a verdade" do coñecemento pola "perspectiva"). Este dicir si á vida consiste para Nietzsche en **vontade de poder**, de autoafirmación nesta vida, autosuperación. O que move i é esencia desta vontade de poder é o que Nietzsche chama **eterno retorno**. Esta nova maneira de entender a vida humana transportaranos no futuro dende o home, atrapado nos valores nihilistas da civilización occidental, ata unha nova figura da humanidade que será **o superhome**. Por tanto: **superhome, vontade de poder e eterno retorno** son os **temas da filosofía construtiva** de Nietzsche.

O superhome é a meta a que ten que aspirar o **home**, xa que este non é mais que unha **ponte entre o animal e o superhome**. O superhome é o home novo que anuncia Zaratustra: „*eu predico ao superhome, o home é algo que debe ser superado*“ Como aparecerá o superhome é algo que Nietzsche non explica. Quizá hai que entender que o traerá o eterno retorno, e que o superhome é o “home primeiro”, o inocente home primitivo que aínda perdura nos presocráticos. Mentres tanto a nosoutros –nihilistas do século xx- só nos queda ir preparando a „**grande política**“, é dicir, a preparación que posibilita ao home a superación da moral contranatural.

-A primeira parte de "Así falou Zaratustra" trata do **último home e do superhome**. O home é só unha ponte cara o superhome. O último home representa o home do nihilismo pasivo, o home contemporáneo que se divirte en masa, etc. para escapar ao aburrimiento de unha vida que no fondo quere a nada. O superhome é unha esperanza para o futuro, un novo home que afirme a vida. **Zaratustra é quen predica a doutrina do superhome** partindo da situación da morte de Deus; cos seus animais, a aguiña (símbolo do orgullo) e a serpe (símbolo da astucia) comeza **Zaratustra o seu descenso da montaña para predicar a chegada do superhome**. No prólogo da obra, Nietzsche describe ao superhome como aquel que trala morte de Deus, devolve á vida o que aquel lle roubara; isto significa un **retorno ao "sentido da terra"** renunciando a todos os soños ultramundanos, renunciando á transcendencia. En tempos da veneración do Deus transcendente érase infiel á terra (desprezo do corpo), agora hai que retornar á terra, ser fieis á terra.

- Un capítulo fundamental da primeira parte de "Así falou Zaratustra" é o titulado **"Das tres transformacións"** que trata o tema da transformación da esencia do home pola morte de Deus. *“Tres transformacións do espírito vos menciono: como o espírito se converte en camelo, e o camelo en león, e o león, por fin, en neno”*.

1.-O camelo é o símbolo do home europeo actual, empapado da moral de escravos, que soporta o peso da carga con paciencia e obedece cegamente os valores.

2.- O león, é o gran negador, é o símbolo do nihilista activo que rexeita todos os valores tradicionais, que se levanta contra tal moral de escravos. Pero o león, despois de romper as cadeas da escravitude, ten que transformarse en **nenno**, para, dende a pureza e inocencia da infancia, volver a crear a táboa nova de valores, a moral dos señores.

3.- O neno é o símbolo da pureza da liberdade creadora, que pode crear novos valores e Nietzsche utiliza a **metáfora do "xogo"** (tomada de Heráclito) que representa

a **existencia humana creadora** de novos valores, tras a morte de Deus.

- En outro **capítulo titulado "Do camiño do creador"** enténdese a esencia do superhome como un **ser creador, libre** do xugo do idealismo do mais alá. E **no capítulo "Da virtude que fai regalos"** expresa Nietzsche a auténtica esencia do superhome libre. Por ser creador é un **home egoísta**, pero o seu egoísmo non é como o entendemos habitualmente, non é miserable, baixo, senón todo o contrario, é puro desprendemento, derroche de si. É un **egoísmo rico**, que se prodiga, que non quere conservarse a si mesmo, senón que quere sempre unha vida máis rica, máis plena, máis poderosa, é o home que xa eliminou ao "creador" (Deus) para converterse el mesmo en "creador".

- **En resumo:** trala morte de Deus, o superhome é o "seu propio creador", libre de ataduras, liberado. *"Mortos están todos os deuses: agora queremos que viva o superhome"* (final do primeiro libro de "Así falou Zaratustra").

4.2.- A VONTADE DE PODER: ESENCIA DA VIDA

A vontade de poder é a esencia da vida (vitalismo) para Nietzsche. En dous lugares trata Nietzsche o tema da vontade de poder: na segunda parte de "Así falou Zaratustra" e na obra que Nietzsche deixou inacabada e que foi publicada co título "A vontade de poder".

a) En "Así falou Zaratustra", Nietzsche entende a vontade de poder, nun primeiro momento, **referida ao home**. (nova antropoloxía): é o renacemento do "home trágico".

b) Pero pouco a pouco, e especialmente na súa obra póstuma "A vontade de poder" adquire unha dimensión máis xeral: non só o home, senón tamén **o mundo**, a vida, son vontade de poder. (nova ontoloxía ou cosmoloxía)

a) Nova Antropoloxía: vontade de poder como esencia do home:

- Nietzsche comeza deducindo a vontade de poder referida ao home dos seus temas anteriores: o home transformado, o home feito meniño (o superhome), é o home **creador**, o home que xoga creando, o que posúe unha vontade creadora. Trala morte de Deus, o home, que antes era "infel" á terra por refuxiarse en mundos transcendentales, agora quédase sen o outro mundo e ten que permanecer "**fiel á terra**". Trala "morte de Deus" o home xa non posúe unha liberdade coartada por Deus, senón que é libre, el mesmo tórnase "o creador". Así Nietzsche entende ao principio a vontade de poder como **vontade de crear novos valores**.

- O ser humano é vontade de poder porque posúe unha **pluralidade de impulsos e instintos** en constante **loita entre si** (Heráclito e Hegel loita e superación de contrarios). Neste sentido **Nietzsche entende esta vontade de poder como vontade de ser máis, vivir máis, superarse, demostrar unha forza sempre crecente; en poucas palabras é VONTADE DE CREAR**. A esencia da vontade é a **creatividade humana** e neste consiste a súa liberdade.
- Pero **esta vontade** é moito máis que a vontade do "suxeito pensante de Descartes", tampouco é unha "facultade espontánea" como en Kant e no idealismo alemán, é incluso máis que a "vontade de vivir" pesimista de Schopenhauer. **Non é unha "facultade racional" do home, senón que é todo o conxunto de pulsións instintivas como forza vital autosuperación**, dominio de si e sobre o mundo: non é algo do "suxeito" (res cogitans), pois Nietzsche somete a unha **crítica radical**

tamén o concepto de suxeito. Por iso a vontade de Nietzsche **non é "intencional"**, non está dirixida a fins, senón que actúa **cegamente é resultado dos impulsos e instintos cegos da vida**, está rexida polo **azar e a necesidade**: a „moira“ ou destino dos antigos gregos do período arcaico.

- Esta **vontade de poder tampouco significa sometemento de outros homes como interpretou o Nazismo.** Vontade de poder designa a esencia da vida entendida como **traxedia**, que non se asusta da morte e asúmea como parte desta vida e o que lle dá sentido; o home non se refuxia no reino de Deus negando a vida terreal por medo ante a morte e creando a ficción de outro mundo que tranquilice a angustia do home.
- **Coñecemento humano:** Na **segunda parte de "Así falou Zaratustra" un capítulo titulado "Da superación de si mesmo"** fala Nietzsche da vontade de poder tamén como **esencia do coñecemento humano.** Di que o pensar, anque parece algo desinteresado, en realidade responde ao interese da "vontade de poder" por intentar facer pensable o existente, intentar "petrificar" en conceptos estables o devir da vida.
- Por iso a vontade de poder xustifica o **novo concepto de verdade** de Nietzsche. A verdade que perseguía a cultura occidental, o estable, ou con outras palabras, o que puidemos pescar cos nosos conceptos no devir constante da vida, é unicamente petrificación ilexítima de unha **perspectiva**, una aparencia (**fenomenismo**) que se foi impoñendo a través do costume, pero non por iso deixa de ser un **erro, anque necesario.** Por iso Nietzsche afirma que „*A verdade é aquela clase de erro sen a que unha determinada especie de seres vivos non podería vivir.*“ (*Vontade de poder*). Por tanto, a vontade de poder como intento de atrapar a realidade en conceptos é **vontade de aparencia**, incluso de ilusión, pero é moito mais profunda que a „**vontade de verdade**“ da metafísica tradicional, porque sabe que a razón humana non podería endexamais abarcar a realidade nin simplificala nas súas categorías. Como o **coñecemento** conceptual queda reducido só a unha posible **perspectiva** entre moitas outras, é una especie de **tea de araña** que o ser humano tece por necesidade vital pero sen aspirar á „Verdade“, e como ademais o coñecemento **xa non é adecuación entre suxeito e obxecto**, logo o único modo de achegarse o mais posible á realidade é **a arte**, (a música, por exemplo) que expresa a CREATIVIDADE HUMANA.
- A vontade de poder tamén xustifica a súa **nova idea de linguaxe.** Se as categorías, os conceptos, non nos serven para achegarnos á realidade do devir ¿que outro medio temos para falar da realidade? Contra a petrificación ilexítima do devir mediante conceptos, Nietzsche exalta **o poder da metáfora.** A metáfora é unha verdadeira perspectiva porque está aberta ao devir do mundo e non cerrada como ocorre co concepto.
- En definitiva, é incorrecto interpretar a vontade de poder de Nietzsche como algo puramente "animal" no sentido de Darwin (Nietzsche crítico), e tampouco é correcto interpretala ao modo racista dos nazis.

b) Nova ontoloxía ou cosmoloxía: Vontade de poder como esencia de toda a realidade e non só do home:

- Pouco a pouco, Nietzsche vai entendendo a vontade de poder non só como vontade humana, senón como unha **vontade de poder de todo o universo.** Por tanto, Nietzsche comeza falando da vontade de poder como algo humano pero estende esta idea á **esencia de todo o vivo e incluso ao que consideramos inerte.** Isto último verase mais claro na súa obra póstuma **"Vontade de poder"**.

- Tanto o home como o animal e a pedra son "creacións" **ou produtos da terra**. Así trala desaparición do más alá, só queda a terra como un grande poder creador. **A vida e a terra rematan sendo o mesmo**, a terra vive, regala a súa existencia a homes, animais e pedras do campo. **Esta vida da terra é para Nietzsche agora a vontade de poder**. Por tanto, o home é vontade de poder, de crear, de superarse, pero tamén o mundo, o cosmos, acaba sendo unha forza viva, unha vontade de poder. Para Nietzsche o home é unha parte do cosmos: non só o home é vontade de poder; tamén a natureza, o mundo, é vontade de poder: a terra é a fonte de vida, a gran nai de onde procede toda vontade de poder.
- O mundo é un ser vivinte, é vontade de poder pero **non ten finalidade (finalismo)**, nin **tampouco é unha máquina (mecanicismo)**. Ambos modos de concibir a realidade (finalismo aristotélico e mecanicismo moderno) suxiren unha **orde (cosmos), unha estrutura do universo**. Foi o home o que ao longo da Historia proxectou no universo os seus propios valores e inventou na natureza **finalidades**, intencións, onde só hai **azar e fatalidade ou destino** (a "**moira**" dos **arcaicos gregos**). Pola contra, a condición xeral do universo é a desorde (**caos**) por toda a eternidade. Este **caos** é eterno (non creado) e está rexido polo **azar, a necesidade cega, a fatalidade**.
- **A vontade de poder** neste sentido mais xeral, neste sentido cósmico, queda expresada por Nietzsche no seu escrito póstumo "Vontade de poder". Alí sintetízase a "**cosmoloxía**" de Nietzsche, de tipo vitalista e oposta, por tanto, á cosmoloxía mecanicista e tamén ao finalismo aristotélico. Introduce, ademais, o segundo gran tema do seu pensamento: **o eterno retorno**.

4.3.- ETERNO RETORNO DO IDÉNTICO

- Introducción: Posto que „**Deus morreu**“ e con el a **concepción cristiá lineal da historia** como algo con principio (creación) y fin (xuízo final), a cultura occidental queda abocada a un **nihilismo** pasivo, pero, a continuación, hai que buscar unha nova saída ao nihilismo para superalo (nihilismo activo). Unha **parte desta resposta foi a vontade de poder**. Dixemos que esta significa unha resposta ao nihilismo como **nova concepción da esencia do home** e do seu coñecemento (Antropoloxía) e tamén como **nova concepción da realidade** (ontoloxía). Pero a Nietzsche aínda lle faltaba outra parte da resposta ao nihilismo: **a concepción do tempo como algo circular** (non lineal como afirma o cristianismo), algo que se repite eternamente: "**o eterno retorno do mesmo**".

- Segundo Nietzsche **o eterno retorno é o tema clave de „Así falou Zaratustra“** (especialmente da súa terceira parte, centro da obra). O tema está **tomado da mitoloxía grega e dos presocráticos**. Para os gregos o cosmos (Universo) no foi creado nin se destruíra nunca: **é eterno e circular, e por tanto dá voltas como unha roda**. Se imaxinamos un principio do universo como fixo o cristianismo, entón temos que responder á pregunta ¿e antes que había? Loxicamente isto lévanos á idea de que alguén ou algo creou o mundo. Isto foi o que fixo o Cristianismo: Deus creou o mundo a partires da nada. Pero se Nietzsche xa destruíu as pilastras do cristianismo, entón agora deberá dar unha resposta a esta pregunta. E posto que Deus morreu, entón o mundo é eterno retorno do mesmo, como unha roda que xira sobre si mesma, onde principio e fin non existen.

- Nietzsche chega a dar incluso unha **especie de "demostración mediante a**

depreciable razón" da idea de eterno retorno. A razón humana ten que admitir un espazo e un tempo infinitos. Pero como a materia é finita e o espazo e tempo son infinitos, necesariamente teñen que repetirse nalgún momento as mesmas combinacións da materia. Por tanto, cada home (e todas as cousas con el) vive, morre e renace indefinidamente, recorre eternamente os mesmos acontecementos.

- Esta idea exprésaa Nietzsche nun **famoso aforismo da terceira parte de "Así falou Zaratustra"** titulado **"Da visión do enigma"** onde Zaratustra conta a seguinte historia a uns mariñeiros: o propio **Zaratustra sube a montaña levando ás costas un anano** (que simboliza o espírito da pesantez: a idea de que se repita eternamente o tempo con todos os seus sufrimentos). Ambos **atópanse ante un portón chamado "instante" e entaboaan unha conversación sobre o tempo. O pasado queda a un lado do portón e o futuro ao outro.** E Zaratustra explica ao anano que, **como o tempo é eterno, o pasado será tamén eterno. O mesmo pasa co futuro.** Pero se o pasado é eterno as combinacións posibles de a materia teranse realizado xa, e o mesmo ocorrerá no futuro. **Por tanto, pasado e futuro non deben ser algo "lineal", senón que deben estar unidos formando un círculo.** Así, **todo o que podía ocorrer xa te ocorrido e todo o que poderá ocorrer ten ocorrido xa.** *"E esta araña que se arrastra con lentitude á luz da lúa, e eu e ti, rosmando ambos xunto a este portón, rosmando de cousas eternas- ¿Non teremos todos nos que ter existido xa?... ¿non temos que retornar eternamente? (Así falou Zaratustra)".*

En conclusión: A idea de eterno retorno sèrvelle a Nietzsche para **"redondear"** a súa filosofía:

1) **En primeiro lugar, contra a idea cristiá da historia como algo lineal, esta substitúese pola idea do tempo circular.**

2) **En segundo lugar, sèrvelle para explicar a propia vontade de poder como un eterno retorno do querer, da vontade de crear e superarse infinitamente.**

3) **En terceiro lugar, substitúe a idea cristiá da "inmortalidade da alma" pola inmortalidade da vida:** como xa no existe un mais alá, posto que "Deus morreu" Nietzsche traslada a tendencia do ser humano a perdurar eternamente á vida: hai que **vivir coa forza de aquel que cre que todo se repetirá eternamente**, hai que aproveitar cada instante e querer cada cousa coa forza do que cre que se repetirá eternamente. Por tanto **non existe un dualismo alma-corpo**, todo é corpo, vida eterna na terra.

4) **En cuarto lugar, a idea de eterno retorno tamén encaixa coa idea de "permanecer fieis a terra",** á vida como devir: non hai outro mundo, e todo intento de fuxida a ese outro mundo é unha perda de realidade; por tanto, xa que non hai Deus, hai que **permanecer fieis á terra:** *„¡Eu conxúrovos, irmáns meus, permanecede fieis á terra, e non credes a quenes vos falan de esperanzas sobreterrenais!“.*

5) **E, en quinto lugar, encaixa tamén coa a aceptación da vida como traxedia:** como a unión entre apolíneo e dionisiaco dos antigos gregos, por iso Nietzsche, na súa obra póstuma "A vontade de poder" volve á figura da súa primeira obra: **Dionisos**, a figura do home trágico que representa o vitalismo, o que crea novos valores, o que é fiel á terra, o que di **si á vida e ao mundo; o que afirma** a doutrina do **"amor fati"** (amor a destino), aceptar este mundo y amalo tal como é, coas súas penas e alegrías.

5.- CONCLUSIÓNS PARA OS COMENTARIOS

- **Heráclito** inflúe nel pola súa defensa de que na realidade "todo flúe": inflúe no seu modo de entender o vitalismo.
- **Crítica** radicalmente o dualismo cosmolóxico inaugurado por **Platón**, que converte a toda a cultura occidental en "platonismo".
- É un filósofo **irracionalista e vitalista** que rexeita os conceptos da razón e a lóxica.
- **Schopenhauer** inflúe en Nietzsche polo seu irracionalismo e **Kant** pola súa crítica da metafísica.
- Xunto con **Freud e Marx** é un dos tres "**filósofos da sospeita**", segundo Paul Ricoeur.
- A súa filosofía **enlaza co "neopositivismo"** pola súa crítica da metafísica e polas súas análises dos erros da linguaxe.
- **Influirá na literatura universal**. Por exemplo, en **Milá Kundera** "A insoportable levedade do ser" onde adopta a idea de "eterno retorno".
- A súa **suposta influencia nas ideas do prenazismo**, foi desmentida a partir do maio do 68 francés, recuperando a filosofía de Nietzsche o seu carácter contestatario contra os valores establecidos.
- Inflúe no "**segundo Heidegger**" pola utilización da **linguaxe poética** na filosofía.
- **Inflúe no racio-vitalismo de Ortega y Gasset**: Pero o vitalismo irracionalista de Nietzsche opónse ao vitalismo de Ortega y Gasset, Pois Ortega defende un racio-vitalismo que non nega a razón, anque esta deba estar ao servizo da vida. Para Ortega a vida debe ser racional, pero a razón tamén debe ser vital. Calquera desequilibrio entre as dúas trae consigo unha dexeneración.
- Tamén inflúe na **linguaxe poética de María Zambrano**.

TEXTOS ABAU NIETZSCHE

NIETZSCHE NIETZSCHE (texto 1) Fragmentos póstumos 1887-1889. Crítica do nihilismo.

1. (...) O nihilismo como estado psicolóxico ten aínda unha terceira e derradeira forma. Dados estes dous recoñecementos, que co devir nada se obtén e que non hai unidade que rexa o devir, na cal o singular poida subsumirse completamente como nun elemento do máis alto valor: non queda máis saída que condenar como fraude todo este mundo do devir e imaxinar un mundo que queda alén daquel, en canto mundo verdadeiro. Mais non ben o home vai tras el, como queira que ese mundo está construído apenas de necesidades psicolóxicas e para iso carece de todo dereito, xorde así a derradeira forma do nihilismo, a cal se cifra na falta de fe nun mundo metafísico –que se prohibe a crenza nun mundo verdadeiro. Chegados a este punto cómpre admitir a realidade do devir como única realidade, fica vedado calquera tipo de camiño oculto aos transmundos e falsas divindades – mais non se atura este mundo que xa nin queremos negar... —No fondo que sucedeu? Chegamos ao sentimento de ausencia de valor cando

comprendemos que non é lícito interpretar o carácter total da existencia nin co concepto de “fin”, nin co concepto de “unidade”, nin co concepto de “verdade”. Con eles non se obtén nin se acada nada; a multiplicidade do acontecer carece dunha unidade que a transcenda: o carácter do existir non é “verdadeiro”, é falso..., non hai xa absolutamente ningunha razón para non quitar da cabeza a idea dun mundo verdadeiro... En suma: retiramos agora as categorías “fin”, “unidade”, “ser”, coas que nós engadimos un valor ao mundo – e agora o mundo aparece sen valor... NIETZSCHE: Fragmentos póstumos 1887-1889. 11.

NIETZSCHE (texto 2) A gaia ciencia 341. O peso máis grande.

— E se un día ou unha noite un demo vai tras de ti ás agachadas deica a máis solitaria das túas soidades e che di: “Esta vida, como ti agora a vives e como a tes vivido, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión – e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este intre e eu mesmo. O eterno reloxo de area da existencia é virado sempre de novo – e ti con el, migalliña de po!”? Non te botarías polo chan renxendo os dentes e maldicindo o demo que así che falou? Ou é que ti algunha vez viviches un instante inmenso, no que lle responderías: “ti es un deus e eu nunca oín nada tan divino!”? Se tal pensamento se apoderase de ti, tal como ti es agora, te transformaría e quizá te esmagaría; a pregunta sobre todas e cada unha das cousas “queres isto outra vez e innumerables veces máis?” gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande! Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non desexar xa nada máis que esta última eterna confirmación e resolución? NIETZSCHE: A gaia ciencia, Libro IV, § 341

MODELOS COMENTARIOS

TEXTO 2: Obra “Fragmentos Póstumos.

TEMA: O Nihilismo

IDEA PRINCIPAL: **Crítica do nihilismo: das categorías de “fin”, “unidade” e “verdade”.**

ANTES DE COMENTAR O TEXTO: INTRODUCCIÓN E ACLARAR AS IDEAS BÁSICAS DE NIETZSCHE:

- Nietzsche é un filósofo **“vitalista” e “irracionalista”**, que escribiu a súa obra a finais do século XIX, logo de que dominasen os idealistas, seguidores de Hegel, os positivistas herdeiros de Comte, os marxistas, e os seguidores de Darwin (evolucionistas).

O “vitalismo” que defende Nietzsche tamén é un “irracionalismo”, pois a “vida” é un concepto contrario ao concepto de “razón”.

O **antecedentes** antigos mais importantes que inflúe en Nietzsche son todos os **presocráticos**, pero **especialmente Heráclito** de Éfeso pola súa afirmación de que “todo flúe” (a vida é para Nietzsche coma “un río no que non podemos entrar dúas veces”, como dixo Heráclito). Heráclito tamén influíu nel no modo en que **escribe Nietzsche: en forma de “aforismos”** (sentencias breves que se aproximan ao modo de expresión **poético**). Por iso os contemporáneos de Heráclito o alcumaron “o escuro”, e tamén a filosofía de Nietzsche é de difícil comprensión, por achegarse á poesía. Ata na súa vida se pareceron: Heráclito viviu coma un eremita, e Nietzsche fixo algo semellante polo norte de Italia, logo de deixar a súa cátedra de Filoloxía en Suíza, por ter fortes dores de cabeza e rematou ingresado nun manicomio onde morreu no 1900.

Pero houbo antecedentes menos antigos que tamén influíron moito en Nietzsche: **Arthur Schopenhauer** (defensa do irracionalismo, pero un **irracionalismo pesimista**) e o músico **Richard Wagner**, de quen foi íntimo amigo, por crer que expresaba na súa música a esencia da súa propia filosofía, pero de quen logo renegou, porque na súa obra “Sigfrido” defende o cristianismo, sendo Nietzsche quizais o filósofo mais “ateo” da historia.

Nietzsche **estudou filoloxía clásica** (grego, especialmente: un “filólogo metido a filósofo”) e posteriormente interesouse pola filosofía. A súa obra divídese en 4 períodos que reciben o seu nome do propio filósofo:

1.- **“Filosofía da noite”** que se corresponde coa súa estancia en **Basilea** como profesor de filoloxía clásica. Este é o seu período “romántico” no que escribe **“O nacemento da traxedia no espírito da música”** na que se inspira no irracionalismo pesimista de Schopenhauer e na música

de Wagner. Nesta obra Nietzsche pretende establecer unha nova concepción do home para renovar a cultura occidental de forma acorde coa música de Wagner e a filosofía de Schopenhauer: este novo home é "**o home trágico**" que afirma a vida en toda a súa dimensión, **fronte ao decadente "home teórico"**, actual herdeiro de Sócrates. Para iso, Nietzsche, utilizando as súas dotes de filólogo, remóntase á cultura grega para estudar como a orixe da traxedia grega foi o espírito da música

Nesta obra a intención de Nietzsche consiste en **defender a vida**, entendida como unha **loita entre instintos (elemento dionisiaco) e a razón (elemento apolíneo)**. Con isto oponse á interpretación tradicional da cultura grega por parte do romanticismo alemán que a entendera fundamentalmente como algo só racional. Nesta nova interpretación Nietzsche **contrapón os deuses gregos Apolo** (símbolo do día, luz, medida, fenómeno, sobriedade, alegría, palabra, razón) e **Dionisos** (símbolo da noite, escuridade, desmesura, cousa en si, embriaguez orxiástica, dor cósmica, música-danza, instintos: vida), e considera a creación artística como único modo de penetrar a realidade vital

2.- "**Filosofía da mañá**", que coincide cos anos de **viaxe por Italia**. Neste período rompe con Wagner e con Schopenhauer e interésase polos ilustrados franceses (**Voltaire**), tamén se chama período "**positivista ou científico**" por defender un modo "peculiar" de entender a ciencia (como ciencia alegre= Gaia ciencia distinta da ciencia tradicional). Neste período espállase a "luz" por enriba da "noite", por iso é unha "filosofía da mañá" e non da "noite" coma fora o período anterior, é unha crítica da metafísica tradicional (da noite). Neste período escribe "**Humano, demasiado humano**" e "**A gaia ciencia**".

3.- **Filosofía do mediodía**", é o seu período de **madurez**, o período no que o "sol" está mais alto (alusión ao mito da caverna de Platón, pero en sentido contrario a Platón: irracionalismo). Nel escribe a súa obra mestra "**Así falou Zaratustra. Un libro para todos e para ninguén**", nesta obra é onde Nietzsche alardea da súa mestría na forma "aforística" de escribir. Nela constrúe as súas propias ideas: "vontade de poder", "superhome", "eterno retorno do mesmo" e "nihilismo".

4.- "**Filosofía do atardecer**", este é o **período mais crítico e destrutor** de Nietzsche, no que pretende inverter todos os valores da cultura occidental. A súa filosofía deixa de ser construtiva, e pasa a ser destrutiva. Tamén a denomina a "**filosofía do martelo**" ou o "filosofar a martelazos". As obras mais importantes deste período son: "**Mais aló do ben e do mal**", "**A xenealoxía da moral**", "**O anticristo. Maldición contra o cristianismo**", "**Ecce homo**" e a obra **póstuma "Vontade de poder"** manipulada pola súa irmá e Peter Gast, na que aparece a idea do "nihilismo", e que levou a interpretacións erróneas por parte dos ideólogos do pre-nazismo (pola idea de "superhome").

Para Nietzsche toda a cultura occidental, e especialmente a **filosofía ou metafísica, cometeu un grave erro**: "valorou" o "mundo das ideas" de Platón e "minusvalorou" o "mundo sensible" de Heráclito, que é o único que existe, o mundo da "vida", do vitalismo. De feito este erro xa comezou con Sócrates, a quen Nietzsche critica ferozmente por ser o inventor do "**platonismo**", por ser o primeiro que concede toda a importancia ao mundo da "razón" (por inventar o método indutivo, o método da comadroa, a maiéutica), concedéndolle toda a importancia a un mundo falso, inmóbil, a un mundo dominado pola razón e as súas definicións universais que "inmobilizan" o "cambio constante" da vida, e así restóuselle "valor" ao único e verdadeiro mundo que existe, que é o mundo da vida no que "todo cambia" como dixo Heráclito. **E este**

“erro” enorme dominou toda a filosofía (incluídos Kant e Schopenhauer) e cultura occidental (tamén a relixión cristiá) ata Nietzsche.

Paul Ricoeur, na súa obra **“Os filósofos da sospeita”** fala de tres filósofos (**Nietzsche, Marx e Freud**) cuxo pensamento representa un **“desenmascaramento psicolóxico”**, unha **“sospeita”**, pois todos eles descubren co seu pensamento que todas as distincións que a filosofía tradicional estableceu teñen unha razón **“oculta psicolóxica”**, que hai que desenmascarar. Toda distinción filosófica apoia-se nunha **“valoración”** oculta. A teoría dos valores chámase **“Axioloxía”**. Entón toda teoría que a filosofía estableceu como verdadeira, no fondo non é outra cousa que unha **“valoración”**, unha axioloxía. Así Marx descubriu que a **“alienación”** esconde un intento de impoñer ocultamente o dominio da clase dominante sobre a dominada. Freud, descubriu o **“inconsciente”** como fondo oculto dos problemas mentais psicolóxicos. E Nietzsche descubre que a distinción entre mundo verdadeiro e mundo aparente no fondo non é outra cousa que unha **“valoración”** que nega o mundo da vida, dos sentidos, e concede todo o valor a un mundo da **“razón”** a un mundo transcendente que realmente non existe, que é falso. Este é o método de **“desenmascaramento psicolóxico”**.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS AO TEXTO:

O texto pertence aos Fragmentos póstumos 1887-1889 volume VI, e constitúe un extracto do fragmento número 11[99] que leva o título **“Crítica do nihilismo”**. **O texto a comentar comeza xa na metade deste fragmento de Nietzsche. Inmediatamente antes do extracto, Nietzsche fala de dúas maneiras nas que necesariamente se producirá o nihilismo como estado psicolóxico:**

1) **En primeiro lugar**, producirase cando en todo acontecer **teñamos buscado un “sentido” (finalidade) que non se atopa nel**: de maneira que o buscador acaba perdendo a coraxe. O nihilismo neste sentido consiste en chegar a ser consciente do prolongado derroche de forza, o tormento do **“en balde”**, a vergoña ante si mesmo como se un se houbese *engano* demasiado tempo.

(Eu) **En resumo**: o desengano sobre unha **suposta finalidade do devir** como causa do nihilismo. **O descubrimento de que no devir da vida non hai un “telos”, non hai un “fin”, non hai “finalidade”, provoca o nihilismo: o ser humano non é o centro do devir.**

2) **En segundo lugar**, o nihilismo como estado psicolóxico prodúcese cando se **ten suposto unha totalidade (unidade)**, unha **sistematización**, incluso unha **organización** en todo acontecer, de xeito que a alma humana sedenta de admiración e veneración se regodea nunha forma suprema de dominio (se a alma é a dun lóxico, extraer correctamente a totalidade das consecuencia e a **dialéctica** real abundan para reconciliarse co todo). Unha especie de **unidade**, unha forma calquera de **“monismo”**: e a consecuencia desta crenza, o ser humano en profundo sentimento de conexión e dependencia de un todo que o supera infinitamente, **un modus (modo) da divindade**. **“O ben do universal esixe a entrega do individual”... Pero semellante entidade universal non existe!** O que no fondo ocorre é que **o ser humano perdeu a crenza no seu propio valor**, se a través del non actúa unha entidade infinitamente valiosa: ou sexa, el concibiu unha totalidade semellante *para poder crer no seu propio valor*.

(eu) *En resumo:* Así pois o nihilismo neste sentido consiste en facerse consciente de que non hai un “todo”, un “sistema”, un “deus”, unha “unidade”, senón que estes son conceptos inventados polos filósofos (Espinoza, Hegel) para que a nosa vida tivese un “valor”, son conceptos “psicolóxicos”, e neste sentido o nihilismo como estado psicolóxico consiste en darse conta deste feito.

PARTES DO TEXTO:

Parte 1: O texto comeza anunciando a **terceira forma do nihilismo** como estado psicolóxico.

Tendo en conta os outros dous modos do nihilismo como estado psicolóxico: é dicir, posto que 1) o devir non ten un “sentido”, un “fin”, un “telos”, (con el NADA se obtén) e 2) no devir **tampouco hai “unidade”**, na que ao individuo lle sexa lícito mergullarse coma nun elemento de supremo valor, entón os filósofos creron que non queda mais saída que condenar como fraude todo este mundo do devir e imaxinar un mundo que queda alén daquel en canto mundo verdadeiro. Pero **cando non damos conta de que este mundo verdadeiro está construído de necesidades psicolóxicas** e de que o ser humano non ten dereito a establecer semellantes construcións, xorde así 3) a **terceira forma do nihilismo** como estado psicolóxico: **a falta de fe nun mundo metafísico: prohibese a crenza nun mundo “verdadeiro”**.

Parte 2: Conclusión extraída a partires das tres formas do nihilismo como estado psicolóxico.

“Chegados a este punto cómpre admitir a realidade do devir como única realidade”. É dicir, o nihilismo como estado psicolóxico descúbrenos 1) que no devir da realidade **non hai telos (finalidade)**, 2) que no devir da realidade **non hai “unidade”** e 3) que **non hai mundo “verdadeiro”** alén do devir da realidade; **logo a conclusión é que hai que admitir a existencia do devir da realidade sen telos, sen unidade e sen verdade**. Como di Nietzsche: *“No fondo que sucede?”* Chegamos a un sentimento de ausencia de valor cando comprendemos que non é lícito interpretar o carácter **total** da existencia, nin co de “fin”, nin co concepto de “unidade” nin co concepto de “verdade”.

Para comprender o que Nietzsche pretende dicir fagamos un pequeno repaso da Historia da Filosofía. A **filosofía naceu** cando os filósofos se preguntaron pola “**unidade**” do “**cambiante**”. Así **Parménides** entendeu que o único que existe é o “**ser**”, o “**un**”, fronte a “aparente” pluralidade do cambiante, inaugurando así a metafísica que Nietzsche critica aquí. **Platón** considerou **as Ideas** como **verdadeiro “ser”**, nelas reside a “**verdade**” do non cambiante que o filósofo-rei debe acadar mediante a gnoesis para gobernar con xustiza. As Ideas, e especialmente a idea de ben, son para el tamén o “**telos ou fin**” ao que tenden as cousas sensibles. Logo xa **para Platón o “ser” é “unidade”, o ser é “fin”, e o ser é “verdade”**.

Despois Aristóteles afirmou que **o “ser” non é unha das categorías**, senón unha propiedade que non se pode definir mediante as categorías, unha **propiedade que vai mais aló das categorías, un “transcendental”**. **Tomé de Aquino** aclara as características máis universais do ser que transcenden as categorías dicindo que son as **propiedades universalísimas que lle corresponden ó ser en canto tal**. Estas propiedades non son algo distinto do ser, senón que son “equivalentes” co ser, ou como dicían os escolásticos: **son “convertibles” co ser**. En latín dicían: **“ens, unum, verum, bonum convertuntur”**; é dicir, **“ser, un, verdadeiro e bo son propiedades convertibles”**.

Tralo “xiro subxectivista” **tamén a filosofía moderna** concedeu todo o valor ao **mundo da razón** que se apoia nestes conceptos (**Descartes, Kant**) restándolle o valor ao mundo dos sentidos.

Nietzsche está facendo aquí unha crítica da metafísica centrándose nas propiedades “transcendentais do ser”: o “fin ou ben”, a “unidade” e a “verdade”. Pois o modo de pensar de toda a filosofía utilizou estas tres “categorías transcendentais” para inventar un “suposto” mundo intelixible “transcendente”, concedéndolle todo o “valor” a este suposto mundo verdadeiro (da razón) e restándolle así todo o valor ao mundo cambiante (dos sentidos).

Pero precisamente o nihilismo é un estado psicolóxico que “desenmascara” este xeito metafísico de pensar. É dicir, o nihilismo descubre a cara “oculta” destes conceptos metafísicos en tanto que o nihilista se “dá conta”, se “fai consciente” de que realmente estes conceptos non explican a realidade (ontoloxía) nin tampouco o coñecemento (gnoseoloxía), en tanto que se “dá conta” de que en realidade non son conceptos “ontolóxicos” ou “gnoseolóxicos” que expliquen a realidade de forma obxectiva, senón que son conceptos “axiolóxicos” (valorativos) que o único que explican é o medo que o home ten a todo o cambiante, en definitiva, o medo que o ser humano “finito” ten á morte. Este medo (esta necesidade psicolóxica) é o que nos fai inventar un mundo “estático”, un mundo “verdadeiro” un mundo “transcendente” un mundo “metafísico” no que o “ser” ten un “fin/telos”, que é “un” e que é “verdadeiro”.

Con este idea conclúe Nietzsche o texto: *“Con eles non se obtén nin se acada nada; a multiplicidade do acontecer carece dunha unidade que a transcenda: o carácter do existir non é verdadeiro, é falso..., non hai xa absolutamente ningunha razón para non quitar da cabeza a idea dun mundo verdadeiro...En suma: retiramos agora as categorías 'fin', 'unidade', 'ser', coas que nós engadimos un valor ao mundo -e agora o mundo aparece se valor”.*

Este é o **método de “desenmascaramento psicolóxico” (Paul Ricoeur na obra “Os filósofos da sospeita”)** que Nietzsche utiliza para criticar a metafísica, o método que consiste en “darnos conta”, en “facernos conscientes” de que en realidade a filosofía foi perseguindo a “nada” (nihil en latín). Así pois, o nihilismo é o resultado deste desenmascaramento, dese “darse conta”. Nietzsche cre que este “darse conta” xa está pasando no século XIX, como se mostra na obra de **Oswald Spengler “A decadencia de occidente”,** pero este é un **nihilismo “pasivo”,** que con **Nietzsche se converterá en “activo”:** non só hai que “darse conta”, senón que hai que **contribuír a derrubar estes “valores” da cultura occidental,** como el mesmo fai na súas obras, nomeadamente no “Crepúsculo dos ídolos” por exemplo. E logo de esta destrución virá a construción de **novos “valores”** na filosofía de Nietzsche, valores que son os que Zaratustra anuncia na súa obra mestra “Así falou Zaratustra”; estes novos valores son os representados polas tres ideas fundamentais da filosofía nietzscheana: o **“superhome”, a “vontade de poder” e o “eterno retorno”**.

AQUÍ REMATA O TEXTO, PERO HAI QUE ENGADIR UN RESUMO DAS TRES IDEAS DA FILOSOFÍA DE NIETZSCHE:

A) O superhome ou ultrahome: este xa non é un “home”, senón algo superior: un ser que tras a “morte de deus” (dos valores tradicionais) é representado por Nietzsche como **portador de dous**

animais: a águia (símbolo do orgullo) e a serpe (símbolo da astucia). Este ultrahome volve a **recuperar o “sentido da terra”** que perdera cos altos voos da metafísica tradicional, renuncia a soños ultramundanos e a toda transcendencia.

Na obra “*Así falou Zaratustra*”, ten un capítulo fundamental titulado “**Das tres transformacións**”, no que fala de como o “**camelo**” se debe transformar en “**león**” e logo este debe transformarse en “**nen**”. O camelo representa o home tradicional empapado da moral de escravos, que leva unha “pesada carga”, unha carga ás súas costas; o león é o que nega todos os valores tradicionais, este é o nihilista activo que derruba os antigos valores; e o nen é símbolo do novo “ultrahome” que está por chegar, a pureza da liberdade creadora de novos valores.

B) **A vontade de poder:** A filosofía falou dende Aristóteles de que o home posúa dúas facultades superiores: o entendemento e a “vontade”, lugar de residencia da liberdade. Pero **esta vontade de poder de Nietzsche non é racional; é moito mais** que a vontade do “suxeito pensante de Descartes”, tampouco é unha “facultade espontánea” como en Kant e no idealismo alemán, é incluso **mais que a “vontade de vivir” pesimista de Schopenhauer. Non é unha “facultade racional” do home, senón que é todo o conxunto de pulsións instintivas como forza vital de autosuperación, dominio de si e sobre o mundo:** non é algo do “suxeito” (res cogitans), pois Nietzsche somete a unha crítica radical o concepto de suxeito. Tampouco significa sometemento de outros homes como interpretou o Nazismo. A vontade de poder é irracional e instintiva, representa a esencia da “vida”, do “vitalismo nietzscheano”.

C) **O eterno retorno do mesmo:** representa a concepción do **tempo como algo circular** (non lineal como afirma o cristianismo), algo que se repite eternamente: “o eterno retorno do mesmo”. A vida humana é, para Nietzsche, a “vontade de poder” e a esencia mesma desta vontade de poder consiste no eterno retorno de si mesma, ou o que é o mesmo: que a vida se reafirme unha e outra vez.

O tema está **tomado da mitoloxía grega e dos presocráticos**. Para os gregos o cosmos (Universo) non foi creado nin se destruíra nunca: é eterno e circular, e por tanto dá voltas como unha roda.

Nietzsche chega a dar incluso unha especie de “**demostración mediante a depreciable razón**” da idea de eterno retorno. A razón humana ten que admitir un espazo e un tempo infinitos. Pero como **a materia é finita e o espazo e tempo son infinitos, necesariamente teñen que repetirse as mesmas combinacións**. Por tanto, cada home (e todas as cousas con el) vive, morre e renace indefinidamente, recorre eternamente os mesmos acontecementos.

- Esta idea exprésaa Nietzsche nun famoso aforismo da terceira parte de “*Así falou Zaratustra*” titulado “**Da visión do enigma**” onde Zaratustra conta a seguinte historia a uns mariñeiros: o propio Zaratustra sube a montaña levando ás costas un **anano** (que simboliza o espírito da pesantez: a idea de que se repita eternamente o tempo con todos os seus sufrimentos). Ambos atópanse ante un **portón chamado “instante”** e entaboa unha conversa sobre o tempo. O pasado queda a un lado do portón e o futuro ao outro. E Zaratustra explica ao anano que, **como o tempo é eterno, o pasado será tamén eterno. O mesmo pasa co futuro**. Pero se o pasado é eterno as combinacións posibles de a materia teranse realizado xa, e o mesmo ocorrerá no futuro. **Por tanto, pasado e futuro non deben ser algo “lineal”, senón que deben estar unidos formando un círculo**. Así, todo o que podía ocorrer xa te ocorrido e todo o que poderá ocorrer ten ocorrido xa. “*E esta araña que se arrastra con lentitude á luz da lúa, e eu e ti, rosmando ambos xunto a este portón, rosmando de cousas eternas- ¿Non teremos todos nos que ter existido xa?..*”

CONCLUSIÓNS

-

TEXTO 2: Obra: “A gaia ciencia”.

TEMA: O Eterno retorno

IDEA PRINCIPAL: O eterno retorno como afirmación da esencia da vida: a vontade de poder.

ANTES DE COMENTAR O TEXTO: INTRODUCCIÓN E ACLARAR AS IDEAS BÁSICAS DE NIETZSCHE:

- As mesmas que para o texto 1, pero engadindo un resumo de: a) Crítica da metafísica tradicional e da ciencia, b) Crítica da moral e a relixión, c) o nihilismo, d) O superhome e e) a vontade de poder.

- Entramos así no texto: a idea fundamental da filosofía de Nietzsche: o eterno retorno do idéntico.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS AO TEXTO

Segundo Nietzsche o eterno retorno é a súa idea máis profunda e o tema clave de „Así falou Zaratustra“ (especialmente da súa terceira parte, centro da obra), anque tamén aparece na “Gaia ciencia” no aforismo titulado “**o peso máis grande**”. A idea está **tomada da mitoloxía grega e dos presocráticos**. Para os gregos o cosmos (Universo) no foi creado nin se destruíra nunca: é eterno e circular, e por tanto dá voltas como unha roda.

Esta idea central do pensamento de Nietzsche, pódese interpretar dende diversos puntos de vista:

1) **Como concepción do tempo**: Nietzsche concibe **o tempo como algo circular** (non lineal como afirma o cristianismo), algo que se repite eternamente: "o eterno retorno do mesmo". Pois se imaxinamos un principio do universo como fixo o cristianismo, entón temos que responder á pregunta ¿e antes que había? Loxicamente isto lévanos á idea de que alguén ou algo creou o mundo. Isto foi o que fixo o Cristianismo: Deus creou o mundo a partires da nada. Pero, se Nietzsche xa destruíu as pilastras do cristianismo, entón agora deberá dar unha resposta a esta pregunta. E posto que Deus morreu, entón o mundo é eterno retorno do mesmo, como unha roda que xira sobre si mesma, onde principio e fin non existen.

Nietzsche chega a dar incluso unha especie de "**demostración mediante a depreciable razón**" da idea de eterno retorno. A razón humana ten que admitir un espazo e un tempo infinitos. Pero como **a materia é finita e o espazo e tempo son infinitos, necesariamente teñen que repetirse as mesmas combinacións**. Por tanto, cada home (e todas as cousas con el) vive, morre e renace indefinidamente, recorre eternamente os mesmos acontecementos.

- Esta idea exprésaa Nietzsche nun famoso aforismo da terceira parte de "Así falou Zaratustra" titulado "**Da visión do enigma**" onde Zaratustra conta a seguinte historia a uns mariñeiros: o propio **Zaratustra** sube a montaña levando ás costas un **anano** (que simboliza o espírito da pesantez: a idea de que se repita eternamente o tempo con todos os seus sufrimentos). Ambos atópanse ante un **portón chamado "instante"** e entaboa unha conversa sobre o tempo. O pasado queda a un lado do portón e o futuro ao outro. E Zaratustra explica ao anano que, **como o tempo é eterno, o pasado será tamén eterno. O mesmo pasa co futuro**. Pero se o pasado é eterno as combinacións posibles de a materia teranse realizado xa, e o mesmo ocorrerá no futuro. **Por tanto, pasado e futuro non deben ser algo "lineal", senón que deben estar unidos formando un círculo**

2) **Como idea guía da ética de Nietzsche:** Pero por outra banda, como debemos **comportarnos** na nosa vida? Neste sentido a idea do eterno retorno representa unha maneira de entender a nosa vida de xeito **contrario a como o fai o cristianismo**. Pois na tradición xudeu-cristiá as figuras do **“carga de conciencia”**, do **“resentimento”** e da **“culpa”** teñen un papel fundamental, de tal xeito que o ser humano está habituado a sentir **“rancor”**, **“culpa”**, **“vergoña”** cara á seu propio comportamento: sinte malestar por como afrontou a súa vida, polas cousas que non conseguiu, polo que puido ser e non foi. Esta maneira cristiá de entender a propia vida non ensina ao ser humano a aceptarse a si mesmo, e menos aínda a amarse a si mesmo, senón que nos **ensina un estereotipo moral da “culpa”, do “resentimento”, do “carga de conciencia”, dunha “pesada carga” e incúlcanos o desprezo dos instintos** humanos e prométenos esperanzas no outro mundo. Todo isto supón unha **negación da vida terreal** coa esperanza de alcanzar a felicidade no ceo. Fronte a este xeito de entender a vida, **Nietzsche propón todo o contrario:** un **“amor fati”** (amor ao destino), un **“permanecer fieis á terra”**, unha **afirmación dos instintos** (o elemento dionisiaco do que falaba na súa obra de xuventude **“O nacemento da traxedia no espírito da música”**), un dicir sí á vida (**vitalismo optimista, fronte ao pesimista de Schopenhauer**), un aceptar este mundo tal e como é coas súas penas e alegrías eliminando todo **“carga de conciencia”, todo “resentimento”**. Así para Nietzsche **a esencia da vida é a “vontade de poder”** e a vida debe ser de tal xeito afirmada que queiramos que cada un dos nosos comportamentos queiramos que se repita eternamente.

PARTES DO TEXTO:

Parte 1: Significado do título “O peso máis grande”. Por que ese título? Nietzsche **criticou a ética xudeu-cristiá**, por ensinarnos a entender a **vida como un “carga de conciencia” un “cargar co sentimento de culpa”**; esta crítica aparece representada na **figura do “camelo”** que soporta un **“peso”**, unha **“carga”** ás súas costas (na obra **“Así falou Zaratustra”** no capítulo **“Das tres transformacións do espírito”**). Este peso, esta culpa cristiá que representa o **“camelo”** debe ser destruída mediante o nihilismo activo de Nietzsche que é representado pola segunda transformación do espírito: **o león**. Pero unha vez eliminados os antigos valores da cultura occidental (metafísica, moral, relixión), unha vez que **“Deus morreu”**, o león debe transformarse en **“nenó”** símbolo do **xogo libre e creativo de novos valores**. Este **nenó (o superhome)** é o que deberá **afirmar a vida**, arriando o peso da culpa, e **entendela como un eterno retorno do mesmo**. Pero este querer que cada cousa da miña vida se repita eternamente, este **“amor fati”** (amor ao destino) este **“retornar ao sentido da terra”** escapando das promesas cristiás no outro mundo, **tamén representa** unha **“carga”, un “peso”, de feito representa “O peso máis grande”**, pois para Nietzsche a vida, xa dende os seu escrito de xuventude **“O nacemento da traxedia no espírito da música”**, enténdese nun **sentido “tráxico”**, unha loita entre o **“apolíneo”** (a razón) e o **“dionisiaco”** (os instintos), un querer a vida tal e como é, **coas súas penas e as súas alegrías**. O **“peso máis grande”** consiste neste querer vivir de tal xeito, con tal intensidade, con tal afirmación da vida, que **queiramos (vontade de poder) que cada cousa se repita eternamente, un eterno retorno**.

Segundo **Heidegger** hai que entender que **“o peso máis grande”** do que fala Nietzsche é aquel que brinda **quietude e solidez**. Que ese peso sería como un obstáculo que debe ser constantemente superado con determinación. Tería relación tamén coa **responsabilidade e o compromiso**, pois se o eterno retorno consiste en querer que cada instante da vida se repita

eternamente estamos afirmando as implicacións que esto ten para un mesmo e para os demais. En certo modo a doutrina do eterno retorno tería un **sentido ético** para Nietzsche.

Parte 2 : Primeira metade do texto ata “migalliña de pó?”: Todo o texto está escrito en **forma interrogativa**, pero a **primeira parte son preguntas directas en forma de hipóteses** que apelan a que o lector reflexione, e a segunda parte son **posibles respostas en forma de pregunta negativa**. **A pesares da feroz crítica de Nietzsche a Sócrates e Platón, o texto recorda moito a maiéutica socrática**, por exemplo, semellante á demostración da teoría da reminiscencia que aparece no diálogo "Menón" onde o personaxe Sócrates, utilizando a súa maiéutica fai que un escravo ignorante chegue a demostrar o teorema de Pitágoras mediante **preguntas**.

“E se un día ou unha noite un demo vai tras de ti ás agachadas deica a máis solitaria das túas soidades e che di: 'Esta vida, como ti agora a vives e como a tes vivido, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión – e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este intre e eu mesmo. O eterno reloxo de area da existencia é virado sempre de novo- e ti con el, migalliña de pó?’”

Puidera ser que Nietzsche teña e mente o **mito de Sísifo** que foi levado ao inframundo de Tánatos (a morte) para ser castigado empurrando unha pedra enorme ladeira arriba do monte, pero antes de acadar o cumio a pedra sempre rodaba cara abaixo e Sísifo tiña que volver a empezar de novo dende o principio e así unha e outra vez. Ademais, **é un “demo”** o que che murmura esta idea, pois é evidente que tras a “Morte de Deus”, esta idea non pode ser enunciada por Deus. Este demo “vai tras de ti ás agachadas deica a mais solitaria das túas soidades” fai referencia aos medos máis íntimos da psique humana: **o medo á soidade e á morte**. Tamén isto nos recorda a **filosofía de Epicuro**, para quen a **filosofía tiña unha función práctica (como tetrafarmacón)**, e profesaba un **odio profundo aos medos e supersticións** infundadas: sobre todo rexeita o medo **á morte**.

“Esta vida, como ti agora a vives e como a tes vivido, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión”.

Aquí Nietzsche fainos ser conscientes do importantes que son cada unha das cousas que facemos na vida, do importante que é **facер cada cousa sen ningún “remordemento”**, pero tamén sen agardar a momentos posteriores para “vivir o momento”, o **“carpe diem”** do que nos fala o poeta romano Quintus Horatius Flaccus.

“Cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti”, a vida é así entendida no sentido do “home trágico” do que falaba na obra “O nacemento da traxedia no espírito da música”: unha **loita entre o “apolíneo” (razón) e o dionisíaco (instintos)**: “cada dor e cada pracer”.

Todo retornará eternamente, *“e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este intre e eu mesmo”*, Nietzsche quizá ten presente aquí o **mito grego de Aracne (a araña)**: a competición

tecendo entre Atenea e Aracne, que aparece na “Metamorfosis” de **Ovidio** ou nas “Georgidas” de Virxilio. A araña e a súa tea sempre tivo un intenso significado simbólico na mitoloxía. Foi vista como a Gran Nai, a tecedora do destino. Pois a araña é un animal capaz de elaborar construcións de extraordinaria complexidade en forma de teas de aspecto perfectamente xeométrico, que **relacionan a araña co fiado e co destino**, e a converten fío **conductor entre o home e o universo ou os deuses**. E isto ocorre en plena natureza, unha entidade harmoniosa bela para os poetas, pero escenario salvaxe de dramas intensos, fonte de temores e problemas para os seus moradores, na que residen forzas poderosas, indomables, e nas que acecha o perigo e a morte.

Considérase **a araña como animal luar** porque así como a araña tece o destino, tamén a lúa rexe todos os fenómenos coas súas fases, e ao presentar un carácter pasivo de luz reflectida, compárase cos fenómenos (tamén recibidos de forma “pasiva”), ou no aspecto psíquico equipárase coa imaxinación.

Así no aforismo de Nietzsche **a araña e a lúa, é dicir o símbolo do destino que rexe todos os fenómenos, funciona tamén como símbolo do eterno retorno**. A vida, a vontade de poder, é comprendida como un eterno retorno de si mesma: “O eterno reloxo de area da existencia é virado sempre de novo- e ti con el, migalliña de pó?”. O **ser humano é entendido como “migalliña de pó”** de xeito diametralmente **oposto a como o cristianismo** entendía ao ser humano como o “centro da creación”.

Parte 3 : Segunda metade do texto: nela extrae as posibles conclusións da hipótese inicial en forma de preguntas negativas.

“Non te botarías polo chan renxendo os dentes e maldicindo o demo que así che falou? Ou é que ti algunha vez viviches un instante inmenso, no que lle responderías: 'ti es un deus e eu nunca oín nada tan divino!' Se tal pensamento se apoderase de ti, tal como ti es agora, te transformaría e quizá te esmagaría; a pregunta sobre todas e cada unha das cousas 'queres isto outra vez e innumerables veces máis?' gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande! Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non desexar xa nada máis que esta última eterna confirmación e resolución?”

A **primeira reacción de calquera home tradicional** que vivise aínda dentro da cultura xudeu-cristiá quizais sería “botarse polo chan renxendo os dentes e maldicindo o demo”, é dicir, **non aceptar esta idea do eterno retorno**, pois para un cristiá sería como repetir eternamente o “sufrimento” que representa esta vida terreal, agardando pola felicidade eterna no máis alá. Pero a continuación Nietzsche propón a **posibilidade de que este home tradicional reflexionase** sobre se el xa viviu “algunha vez un instante inmenso”; de feito todos nós vivimos instantes na nosa vida que consideramos eternos, momentos inesquecibles da vida, todos temos esa experiencia de algún “**instante inmenso**”. E se este home tradicional **reflexionase sobre esa idea**, quizais caera na conta da lucidez desa idea e respondese “ti es un deus e eu nunca oín algo tan divino”; ábrese aquí incluso a posibilidade de **entender este momento de “lucidez” como un modo inverso de entender a “luz” en relación co que Platón afirma na “Alegoría da caverna”,** pois a “luz” non representa en Nietzsche o “sol” (a idea de ben), senón todo o contrario: o “retorno ao sentido da terra” o verdadeiro e único sol do mundo sensible.

E se ese home sumido aínda na cultura xudeu-cristiá **afondase nesta repentina idea**, “se tal pensamento se apoderase de ti, tal e como ti es agora”, esa idea do eterno retorno “te

transformaría”, isto alude quizás ás **“Tres transformacións do espírito”** da súa obra mestra **“Así falou Zaratustra”**, o “camelo” (home xudeu-cristiá que leva o peso do “cargos de conciencia”, da “culpa”) que debe transformarse en “león” (o nihilista activo, que destrúe os valores da cultura occidental), que á súa vez debe “transformarse” en **“nenos”** (o **superhome, un neno “creador de novos valores”**). **“E quizáis te esmagaría”**, pois o admitir que os antigos valores da cultura occidental (a metafísica, que inventa un mundo “verdadeiro” transcendente, a moral e relixión cristiáns, que negan a vida na terra e sufren nesta vida para acadar a felicidade eterna no ceo), **este sería un pensamento moi “pesado”, sería o “peso máis grande”**. “A pregunta sobre todas e cada unha das cousas ‘queres isto outra vez e innumerables veces máis?’ gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande!”, isto sería o “peso máis grande” porque se admites esta idea do eterno retorno en toda a súa profundidade, resultaría que **terías que eliminar todos os antigos valores**, terías que admitir “a morte de Deus”, a destrución do “outro mundo”, a destrución do “mundo verdadeiro”, e entón **xa non poderías ser “perdoado” en ningunha “confesión”** ante ningún deus, terías que **ser absolutamente “responsable de” e “comprometido con”** (tal e como interpreta Heidegger) todas as túas **“accións éticas”**, porque a pregunta “gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande”. Nesta pasaxe é onde reside o **sentido “ético”** do eterno retorno como o interpreta Heidegger.

“Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non desexar xa nada máis que esta última eterna confirmación e resolución?”, é dicir, se o ser humano non estivese xa inmerso na cultura xudeu-cristiá, se o home deixase de ser home e **se tivese producido xa a “gran política”**, é dicir, a **derradeira “transformación” en “nenos”**, entón este **novo “superhome”**, este neno “creador” de novos valores **“tería que estar reconciliado completamente consigo mesmo e coa vida”**, **pero isto aínda non ocorreu**, segundo Nietzsche, isto é a mensaxe anunciada por Zaratustra, isto, **será a “gran política” que terá lugar nun futuro**, cando o superhome deixe atrás todos os valores da cultura occidental e asuma a vida coma unha “vontade de poder” que “retorna eternamente” sobre si mesma e **substitúa a antiga “inmortalidade da alma”, pola “inmortalidade da vida”**.

CONCLUSIÓNS

- As mesmas que para o texto 1